

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 3 de setembro de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día tres de setembro do dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1.405).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 07.06.2010 e dúas extraordinarias urxente do 11.06.2010. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde-presidente.

2(1.406).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 02.08.2010, REFERENTE AO CONTRATO DE CAMPAÑA DE INFORMACIÓN DA ACTIVIDADE MUNICIPAL “VIGO 2008-2009” DO QUE É ADXUDICATARIO “ECOVIGO PUBLICIDADE, S.L.”. EXPTE. 4504/101.,

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Protocolo e RR.PP, do 1.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Rectificación do acordo da Xunta de Goberno Local do 2.08.2010, quedando do seguinte xeito:

Onde di “86.275 euros no ano 2010” debe dicir “116.275 euros no ano 2010”
onde di “120.785 euros no ano 2011” debe dicir “90.785 euros no ano 2011”.

3(1.407).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 02.08.2010, REFERENTE AO CONTRATO DE CAMPAÑA DE INFORMACIÓN “O CONCELLO INFORMA” PARA OS SERVIZOS DE PUBLICIDADE, DO QUE É ADXUDICATARIO “ECOVIGO PUBLICIDADE, S.L.”. EXPTE. 4521/101.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Protocolo e RR.PP, do 1.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local do 2.08.2010, quedando do seguinte xeito:

Onde di “82.166,65 euros no ano 2010” debe dicir “112.166,65 euros no ano 2010”
onde di “115.033,35 euros no ano 2011” debe dicir “85.033,35 euros no ano 2011”.

4(1.408).- ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A FEGAMP, PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E ADICCIÓNES SOCIAIS E COMPORTAMENTAIS. EXPTE. 56105/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Benestar Social, do 7.07.2010, conformado pola concelleira delegada da área, co informe xurídico do letrado asesor, do 23.08.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 26.08.2010 co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a adhesión do Concello de Vigo ao Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de

programas de prevención de drogodependencias e adicións sociais e comportamentais, e a aceptación das bases reguladoras contidas nel.

2.- Facultar a Concelleira delegada de Benestar Social para a sinatura de cantos documentos fosen precisos para a adhesión e aceptación das Bases reguladoras contidas no dito Convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP), PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E ADICCIÓN SOCIAIS E COMPORTAMENTAIS.

Santiago de Compostela, ... de xuño de 2010

REUNIDOS

Dunha parte D. Alfonso Rueda Valenzuela, Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e Dna. María Pilar Farjas Abadía, Concelleira de Sanidade, a teor do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro.

Doutra parte D. Carlos Fernández Castro, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, que actúa en nome e representación daquela, segundo prevén os seus estatutos.

Tódolos intervinientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

EXPOÑEN

I.- O Decreto 303/2009, do 21 de maio, regula a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. No referente ao ámbito competencial a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde, sen prexuízo das demais competencias que legal e regulamentariamente teña atribuídas, a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de Administración local.

En data 20 de xaneiro de 2006 asinouse o Acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) polo que se establece o contido e desenvolvemento do Pacto Local que rexerá na Comunidade autónoma de Galicia, e en data 26 de febreiro de 2010 asinouse Addenda a dito acordo para a posta en funcionamento da comisión única de seguimento do pacto local.

A cláusula I apartado g) establece en relación ás “asignacións recorrentes” que se pactarán as normas e bases comúns que rexen as convocatorias existentes para axuda aos municipios.

Neste senso, dende o ano 1998 véñense asinando convenios de colaboración entre a Consellería de Sanidade e diversos concellos da nosa Comunidade Autónoma para a realización de programas e actividades no eido da prevención das drogodependencias.

Este tipo de accións teñen un encadre metodolóxico e normativo en instrumentos tales como a Estratexia Europea en materia de loita contra a droga 2005-2012 e os seus Plans de Acción 2005-2008 / 2009-2012, que contemplan a prevención do consumo de drogas como o ámbito clave de intervención; a Estratexia Nacional 2009-2016, co seu correspondente Plan de Acción 2009-2012, que ademais establece como necesaria a coordinación entre as distintas Administracións. Concretamente, propón accións de coordinación coas administracións locais e promove a elaboración de plans municipais e supra municipais; ou a propia Lei 2/96, de 8 de maio de Galicia sobre Drogas, fundamentalmente a través dos Títulos I (Da prevención de drogodependencias) e III (particularmente no que atinxe á atribución de competencias, planificación e ordenación, concertos/convenios e coordinación).

II.- Tendo en conta os resultados obtidos na colaboración institucional establecida, o ámbito poboacional beneficiario, e a necesidade de manter cuberta a demanda crecente deste tipo de actividades, por acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 30 de decembro de 2009, aprobouse manter a vixencia parcial do Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009, en concreto, a maior parte do contido do apartado 4 de dito documento, onde se recollen os obxectivos a acadar e as accións a poñer en marcha e avaliar das 6 áreas de intervención: prevención, asistencia, incorporación social, formación, investigación e avaliación e coordinación.

Esta prórroga obedeceu á necesidade de dar continuidade ás accións que se están a desenvolver no eido das drogodependencias, e dotar da necesaria cobertura normativa aos convenios existentes naquel momento para a cobertura do primeiro semestre do ano 2010.

O Plan prorrogado contempla como unha das áreas prioritarias de intervención a prevención do consumo de drogas (apartado 4.1), destacando: os principios, ámbitos de actuación, accións e programas para o cumprimento dos obxectivos, indicadores de avaliación e recursos, as evidencias científicas existentes para o deseño das políticas e programas en materia de prevención, e a necesidade de intensificar a coordinación e colaboración cos municipios para instaurar e consolidar programas municipais de prevención (obxectivo N° 14).

III.- No momento previo ao presente convenio, tññase establecido unha liña de colaboración estable e continuada coas distintas entidades locais (43 convenios) que abranguían o ámbito territorial de 118 concellos (individuais, agrupados ou en mancomunidades), e cunha cobertura poboacional do 74%.

Ademais, estes convenios recollían 280 actuacións programadas que incluían 800 actividades específicas, e o traballo de preto de 66 profesionais.

IV.- Co presente convenio de colaboración preténdese dar cobertura a unha materia de interese público, social e sanitario, difícil de crear e manter, tendo en conta a poboación afectada por este tipo de problemáticas, e a necesidade de dispoñer de recursos públicos que dean resposta axeitada, cun custo asumible polas distintas administracións implicadas.

Estas circunstancias xustificanse polo carácter excepcional e de interese público das accións a desenvolver, como servizo esencial para a comunidade, e a prevención das drogodependencias e das adicións sociais e comportamentais, ámbito no que existen unha serie de factores ou variables que dificultan a planificación e cobertura de todas as actuacións demandadas polos grupos de poboación afectados.

Por todo o anterior e tendo en conta a especificidade técnica que requiren os programas a desenvolver, así como a prioridade de darlle continuidade aos mesmos, non resulta posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 11.2 da Lei 4/2006 de 30 de xuño de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

En base ao exposto, as partes asinan de común acordo o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto:

O obxecto do presente convenio é:

1º.-Regular as condicións que rexerán a relación entre a Consellería de Sanidade e os concellos que se adhiran e acepten as subvencións cuxas bases reguladoras se recollen neste convenio no funcionamento e colaboración no financiamento polas administracións indicadas da realización de programas de prevención de drogodependencias e adicións sociais e comportamentais, de conformidade cos Plans

sectoriais ou directrices aprobadas pola Consellería de Sanidade, para a súa execución durante o segundo semestre do ano 2010, de conformidade co Anexo ao presente convenio.

2º.- Dentro do marco de desenvolvemento do Pacto Local referido no apartado I anteriormente mencionado, regular as condicións que rexerán entre a Consellería de Sanidade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), á que se designa en virtude deste convenio como entidade colaboradora nas subvencións anteditas.

Segunda.- Obrigas da Administración sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, colaborará no financiamento dos custos que supoña a realización dos programas de prevención de drogodependencias e adicións sociais e comportamentais polos concellos que se adhiran e acepten as subvencións cuxas bases reguladoras se recollen neste convenio, a través dos seus orzamentos, cunha achega única ingresada na conta da FEGAMP como entidade colaboradora na sinatura deste convenio.

Comprobar o cumprimento e efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o disfrute da subvención.

A contribución ao financiamento das devanditas accións é a seguinte:

CONCELLO	2º Semestre 2.010
AMES (3)	16.625 €
BARCO, O	9.500 €
BETANZOS (6)	19.475 €
BOQUEIXÓN (3)	11.875 €
BURELA (9)	19.000 €
CANGAS	21.375 €
CARBALLIÑO Conc.	11.875 €
CARBALLIÑO MANC.(8)	10.450 €
CARBALLO	26.125 €
CATOIRA (6)	30.875 €
CELANOVA MANC. (8)	10.450 €
ORDES MANC. (7) *	19.000 €
CORUÑA, A	49.875 €
CUNTIS (2)	14.250 €
CULLEREDO	14.250 €
ESTRADA, A	14.250 €
FENE	16.625 €
FERROL	38.000 €
GROVE, O	19.000 €
LALIN	19.000 €
LUGO	40.375 €
MARIN	14.250 €
MONFORTE	14.250 €
NOIA (5)	16.625 €
OURENSE	45.125 €
PONTEAREAS (2)	10.925 €
PONTEDEUME	18.050 €
PONTEVEDRA	38.000 €

PORRIÑO	11.875 €
RÁBADE (3)	11.875 €
REDONDELA	19.000 €
RIANXO (2)	14.250 €
RIBADEO (4)	14.725 €
RIBEIRA	16.625 €
SANTIAGO	47.500 €
SANXENXO Org. Aut.	16.625 €
SARRIA (7)	14.250 €
TUI	12.350 €
VAL MIÑOR MANC. (3)	26.125 €
VERÍN MANC.(7)	11.875 €
VIGO	52.250 €
VILAGARCIA (7)	33.250 €
VILALBA	12.350 €
TOTAL	904.400 €

Agrupacións de Concellos e Mancomunidades.- AMES: Brión, Negreira e Ames BOQUEIXON: Teo, Touro, Boqueixón. BURELA: Viveiro, Burela, Foz, Mondoñedo, Xove, Lourenzá, O Vicedo, Oroul e Alfoz. MANC. VERIN: Verín, Monterrei, Laza, Oímbra, Vilardevós, Cualedro, Castrelo de Val. MANC. VAL MIÑOR: Baiona, Nigrán e Gondomar CATOIRA: Padrón, Rois, Dodro (Prov. A Coruña) e Valga, Catoira, Pontecesures (Prov. Pontevedra). MANC. CELANOVA: Celanova, Cartelle, A Merca, Ramirás, Vereá, Gomesende, Quintela de Leirado e Pontedevea. CUNTIS: Moraña e Cuntis. RÁBADE: Outeiro de Rei, Begonte e Rábade RIANXO: Boiro e Rianxo. RIBADEO: Trabada, Barreiros, A Pontenova e Ribadeo. VILAGARCIA DE AROUSA: A Illa de Arousa, Vilagarcía, Portas, Caldas, Cambados, Meis e Ribadumia. NOIA: Lousame, Muros, Porto do Son, Serra de Outes e Noia. MANC. CARBALLIÑO: Beariz, Maside, Punxín, San Amaro, Irixe, San Cristovo de Cea, Piñor de Cea e Boborás. BETANZOS: Betanzos, Abegondo, Bergondo, Cesuras, Coirós e Oza dos Ríos. PONTEAREAS: Arbo e Pontearreas. SARRIA: Samos, Triacastela, O Incio, Páramo, Paradela, Láncara e Sarria. MANC. DE ORDES: Cerceda, Tordoia, Trazo, Mesía, Orosó, Ordes e Frades.

Terceira. Obrigas da FEGAMP.

No marco do pacto local estimouse conveniente, para facilitar a execución do obxecto do convenio e acadar a coordinación dos concellos abrangidos, nomear á FEGAMP como entidade colaboradora asinante deste convenio, para os efectos de recibir os fondos e transferilos en nome e por conta da Xunta de Galicia aos concellos destinatarios, comprometéndose a facer constar expresamente a súa procedencia, así como a finalidade do seu traspaso.

Así mesmo difundirá a actuación entre os concellos e os informará das condicións do convenio e do tipo de gastos para os que se realiza a transmisión das cantidades previstas na cláusula precedente, asumindo as seguintes obrigas:

- *Recadar a adhesión dos concellos aos que se dirixen as subvencións previstas no presente convenio e a aceptación das bases reguladoras contidas nel. A adhesión e aceptación dos concellos deberá ser efectuada por escrito polo órgano competente.*
- *Entregar aos concellos beneficiarios os fondos recibidos de acordo cos criterios e bases reguladoras establecidas no presente convenio.*
- *Dar traslado á Consellería de Sanidade para a súa comprobación o cumprimento e efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o disfrute da subvención.*

- Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante o órgano concédente da subvención e entregar a xustificación presentada polos beneficiarios.
- Someterse ás actuacións de comprobación que respecto da xestión de ditos fondos poida efectuar o órgano concédente, así como calquera outras de comprobación e control financeiro de ditos fondos que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais como comunitarios, aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteditas.
- Levar a cabo os labores de intermediación entre a Xunta de Galicia e os concellos intervinientes, cando así lle sexa solicitado.
- Recadar toda a documentación acreditativa do cumprimento dos concellos respecto dos programas desenvolvidos.
- Elaborar e manter actualizada a relación de medios e recursos que teñan dispoñibles os concellos para as actuacións conveniadas.
- Presentar as declaracións de axudas solicitadas ou concedidas en cada concello para a mesma finalidade e, no caso de non ter ningunha axuda, a presentación dunha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.
- As demais obrigas previstas no convenio.

A FEGAMP como entidade colaboradora, á que se lle entregan os fondos das axudas e distribúe os mesmos aos beneficiarios, deberá respectar o disposto no artigo 9 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Cuarta.-Obrigas dos concellos que se adhiran ao presente convenio e acepten as bases reguladoras nel contidas.

Os concellos incluídos no ámbito de aplicación do presente convenio que se adhiran ao presente convenio e acepten as bases reguladoras contidas nel, asumen os seguintes compromisos:

- Someterse ás directrices e instrucións de coordinación e programación dispostas pola Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación.
- Aceptar e colaborar coas medidas que a Xunta de Galicia considere conveniente realizar para a comprobación do cumprimento dos fins para os que se subscribe o presente convenio.
- Participar, previa petición da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación nos traballos de elaboración, desenvolvemento, avaliación e seguimento das medidas e accións contidas nos Plans sectoriais e directrices establecidos pola Administración sanitaria como oportunos para o mellor desenvolvemento dos mesmos.
- Coordinarse cos distintos centros e servizos incluídos dentro da rede de drogodependencias, para asegurar o principio de continuidade terapéutica.
- Incluír en todo o material impreso que utilicen a imaxe corporativa da Consellería de, Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación.
- Comunicar calquera modificación, suspensión, ou alteración nos recursos destinados á realización das actividades conveniadas.
- Colaborar na adopción de calquera outra medida adoptada polos órganos competentes en materia de drogodependencias.

O funcionamento, en canto a programas de asistencia, formación, investigación ou doutras áreas de intervención, levados a cabo en materia de drogodependencias polos distintos concellos, deberá estar coordinado coa Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación. Se os concellos inician outros programas, ademais dos establecidos nos plans sectoriais, poñerano en coñecemento da Dirección Xeral indicada, mediante a presentación do correspondente proxecto, que conterá polo menos os seguintes datos:

- Denominación do programa.
- Poboación á que se dirixe.
- Obxectivos propostos.
- Actividades a realizar.
- Recursos destinados a tal fin.
- Avaliación dos obxectivos e metodoloxía aplicable.

Ademais, os concellos comprométense a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, como beneficiarios da subvención, e neste sentido:

- Executar o proxecto e realizar a actividade que fundamenta a concesión das subvencións.
- Xustificar ante a entidade colaboradora o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou o disfrute da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicar á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que tiveran fundamentado á concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento dos programas, actividades, inversións ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Quinta.- Unidades municipais.

As unidades municipais destinadas á realización das actividades conveniadas dependerán tanto xurídica como organicamente do ente local e en ningún caso terán vínculo laboral coa Xunta de Galicia.

Sexta.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, en canto á relación entre a administración autonómica e a FEGAMP, créase unha Comisión de seguimento composta por dous representantes da Consellería de Sanidade, un representante da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e tres representantes da FEGAMP. O representante da Consellería de Sanidade presidirá a comisión, e dirimirá co seu voto os eventuais empates que se poidan producir.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das actuacións previstas no convenio.
- Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación ao convenio.
- En xeral, as que o artigo 6.3 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, lle atribúe ao órgano de vixilancia e control.

Esta comisión solicitará ao remate da vixencia do convenio á Federación Galega de Municipios e Provincias informe técnico correspondente sobre o grao de cumprimento dos obxectivos programados, e relación detallada dos pagos efectuados por cada concello, correspondentes aos meses de vixencia do convenio aos efectos, no seu caso, do reintegro dos importes non liquidados.

Como mecanismo de seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio en canto ás actuacións derivadas das relacións entre a administración autonómica e cada Concello que se adhira ao presente convenio e acepte as bases reguladoras contidas nel, créase unha Comisión de seguimento composta por dous representantes da Consellería de Sanidade, e dos representantes do Concello. Un dos representantes da Consellería de Sanidade presidirá a comisión, e dirimirá co seu voto os eventuais empates que poidan producirse. Son funcións destas comisións de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio no que se refire as relacións entre a administración autonómica e o Concello derivadas do outorgamento da subvención.*
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.*
- Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación ao convenio.*
- En xeral, as que o artigo 6.3 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, lle atribúe ao órgano de vixilancia e control.*

Sétima.- Achegas económicas:

*A Consellería de Sanidade, contribuirá ao financiamento das actividades comprendidas no obxecto do presente convenio cun importe total de **904.400 €** con cargo á aplicación orzamentaria **10.02.413A.460.2**, dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, na que existe crédito axeitado e suficiente.*

A contribución das entidades locais que se adhiran ao presente convenio e acepten as bases reguladoras contidas nel, realizarase directamente aos traballadores contratados en cada entidade, con cargo aos seus respectivos orzamentos, na contía que lle corresponda, de conformidade co previsto na cláusula segunda do presente convenio.

Oitava.- Requisitos a cumprir e facer cumprir á entidade colaboradora.

A FEGAMP supervisará que todos aqueles concellos relacionados que queiran participar das axudas de colaboración no financiamento dos programas e cumpran co indicado nas cláusulas deste convenio.

Novena.- Xustificación das subvencións.

Nos termos recollidos nos artigos 28 a 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos artigos 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a xustificación por cada Concello do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos consistirá na certificación da intervención ou do órgano que teña atinxidas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que ten sido concedida.

Cando as actividades teñan sido financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

Incluirase:

- A xustificación do gasto realizado que foi efectivamente pagado. Xuntaranse as copias dos contratos e os partes de altas á seguridade social.*

- *Relación dos medios materiais e persoais necesarios para a realización das actividades obxecto do presente convenio, así como as súas variacións.*

- *Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade; en caso de non ter ningunha axuda, deberase presentar unha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.*

A FEGAMP entregará a xustificación presentada polos beneficiarios á Consellería de Sanidade, Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables (Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade), acompañando certificación do Secretario da Federación co Visto e prace do seu Presidente do cumprimento do obxecto do presente convenio, baseada nas certificacións anteriores.

A documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables (Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade), a máis tardar, antes do 30 de novembro de 2010.

Así mesmo, deberán presentar unha memoria descritiva breve da actividade realizada así como cumprimentar os datos esixidos polo Plan Nacional sobre Drogas no modelo normalizado que se proporcionará ao efecto.

En todo caso, as consellerías asinantes resérvanse o dereito de solicitar tanta documentación consideren precisa, en relación coa xustificación dos gastos.

Con base na indicada documentación, a Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables (Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade), levará a cabo a comprobación da xustificación documental da subvención e emitirá certificación acreditativa do cumprimento das actuacións previstas no convenio.

Décima.- Gastos subvencionables.

En canto aos gastos subvencionables atenderase ao disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se teñan realizado no prazo establecido polo presente convenio.

Décimo primeira. Período de entrega dos fondos á FEGAMP.

A FEGAMP recibirá, á súa solicitude, os fondos correspondentes ás subvencións na medida e coa antelación necesaria para facilitarlle os pagamentos aos concellos beneficiarios de conformidade co indicado na cláusula seguinte.

Ata a súa entrega aos beneficiarios, os fondos entregados á FEGAMP consideraranse en depósito e en ningún caso esta considerará os fondos recibidos como integrantes do seu patrimonio nin do seu orzamento, nin poderán ser obxecto de retención ou minoración, e deberán ser obxecto de contabilización separada.

A FEGAMP levará os libros e rexistros contables debidos para facilitar a adecuada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas.

Unha vez recibidos os fondos pola FEGAMP, esta transferirá aos beneficiarios finais (concellos) a cantidade que lles corresponda, no prazo máximo de 30 días dende a súa recepción.

A FEGAMP acreditará ante as partes asinantes a entrega dos fondos aos beneficiarios finais mediante xustificante de pagamentos válidos (extractos ou certificación bancaria debidamente identificados).

Décimo segunda: Libramento de fondos aos Concellos.

O pago da subvención aos Concellos pola FEGAMP realizarase previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o cal se ten concedido nos termos establecidos neste convenio, sen prexuízo da posibilidade de realizar pagos a conta nas condicións que se establecen posteriormente.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 de Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Poderán realizarse pagos a conta fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada e, previa comprobación pola administración sanitaria, á conta da liquidación definitiva. Achegaranse os xustificantes de gasto ocasionados polo desenvolvemento das mesmas, xunto cunha relación ordenada e detallada daqueles gastos.

O importe conxunto dos pagos a conta non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados.

A porcentaxe restante (20%) non se fará efectiva ata que estea integramente xustificada a totalidade dos gastos correspondentes ás actividades conveniadas incluíndo, no seu caso, o importe dos pagos a conta.

De conformidade co previsto no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, os pagos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

A documentación xustificativa para os pagos a conta será a indicada na cláusula novena e presentarase á FEGAMP que, previa a súa comprobación pola administración sanitaria, solicitará á Consellería de Sanidade as cantidades necesarias para efectuar os pagos por contía equivalente á xustificación presentada, acompañando certificación do Secretario da Federación co Visto e prace do seu Presidente sobre o cumprimento parcial do obxecto do convenio, aplicándose o réxime previsto na cláusula anterior.

Para unha maior simplificación procedimental os pagamentos a conta que realizará á FEGAMP aos concellos beneficiarios efectuaranse os últimos cinco días de cada mes e unha vez recibidas as comprobacións da administración sanitaria.

Décimo terceira.- Cláusulas adicionais

Os beneficiarios finais deste convenio están obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

A participación no presente convenio, tanto da entidade colaboradora como dos beneficiarios finais, suporá o consentimento expreso dos interesados á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio nos rexistros públicos da Xunta de Galicia, creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de novembro e decreto 126/2006 do 20 de xullo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas e, en todo caso, a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados,

poderá dar lugar, se con isto se alterasen os obxectivos deste convenio, á modificación da resolución da concesión.

O incumprimento dalgunha das obrigas recollidas neste convenio dará lugar ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e o xuro de demora correspondente de acordo co establecido no Art. 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Décimo cuarta- Causas de resolución.

Sen prexuízo das causas de reintegro previstas no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, son causas de resolución do presente convenio:

- *O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas.*
- *A aplicación dos fondos outorgados a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.*
- *O mutuo acordo das partes asinantes.*
- *A introdución de modificacións nas directrices dos programas a desenvolver, sen contar coa previa autorización escrita da Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables (Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade).*
- *A denuncia de calquera das partes asinantes, sempre que o notifique ás outras con dous meses de antelación á data de finalización da vixencia do convenio.*

Décimo quinta.- Xurisdición e normativa aplicable.

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. A administración pública da Xunta de Galicia disporá das potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencional. As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

En todo o non disposto neste convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007 do 13 de xuño e, en canto non se opoña ao establecido na dita Lei, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, en canto lle sexa de aplicación.

Décimo sexta.- Vixencia.

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura a ata o 31 de decembro do ano 2010. Sen embargo, atenderanse os gastos derivados do cumprimento deste convenio dende o 1 de xullo de 2010 ata o 30 de novembro de 2010, data límite para presentar as xustificacións de gasto.

En proba de conformidade, as partes asinan por cuadriplicado na data e lugar ao inicio mencionados.

5(1.409).- ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A FEGAMP, PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS DE ASISTENCIA A DROGODEPENDENCIAS (ADICCIÓNS) A TRAVÉS DOS CONCELLOS QUE DISPOÑAN DE UNIDADES ASISTENCIAIS DE DROGODEPENDENCIA. EXPTE. 56100/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Benestar Social, do 7.07.2010, conformado pola concelleira delegada da área, co informe xurídico do letrado asesor, do 23.08.2010, e co informe da xefa do servizo de

Fiscalización, do 26.08.2010 co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a adhesión do Concello de Vigo ao convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e provincias (FEGAMP) para a realización do Programa de Prestacións de Asistencia a Drogodependencias (adiccións) a través dos concellos que dispoñan de unidades asistenciais de drogodependencia, e a aceptación das Bases reguladoras contidas nel.

2º.- Facultar á concelleira Delegada de Benestar Social para a sinatura de cantos documentos fosen precisos para a adhesión e aceptación das Bases reguladoras contidas no dito Convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA, A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP), PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PRESTACIÓN DE ASISTENCIA A DROGODEPENDENCIAS (ADICCIÓN) A TRAVÉS DOS CONCELLOS QUE DISPOÑAN DE UNIDADES ASISTENCIAIS DE DROGODEPENDENCIAS

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2010

REUNIDOS

Dunha parte D. Alfonso Rueda Valenzuela, conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Dª María Pilar Farjas Abadía, conselleira de Sanidade e presidenta do Servizo Galego de Saúde a teor do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro.

Doutra parte D. Carlos Fernández Castro, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, que actúa en nome e representación daquela, segundo prevén os seus estatutos.

Tódolos intervinientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

EXPOÑEN

I.- O Decreto 303/2009, do 21 de maio, regula a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. No referente ao ámbito competencial a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde, sen prexuízo das demais competencias que legal e regulamentariamente teña atribuídas, a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de Administración local.

En data 20 de xaneiro de 2006 asinouse o Acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) polo que se establece o contido e desenvolvemento do Pacto Local que rexerá na Comunidade autónoma de Galicia, e en data 26 de febreiro de 2010 asinouse Addenda a dito acordo para a posta en funcionamento da comisión única de seguimento do pacto local.

A cláusula I apartado g) establece en relación as “asignacións recorrentes” que se pactarán as normas e bases comúns que rexen as convocatorias existentes para axuda aos municipios.

II.- A Xunta de Galicia, sensible aos problemas xerados polo consumo de drogas na nosa Comunidade, creou en 1986 o Plan autonómico sobre drogodependencias (PAD), denominado posteriormente Plan de Galicia sobre Drogas (PGD), coordinado co Plan nacional sobre drogas (PND), que a Administración central comezou a poñer en marcha en 1985. A partir de entón, comezou o proceso de organización, planificación, coordinación e xestión da resposta aos ditos problemas, tanto no que respecta aos programas e servizos de atención aos afectados, como no que atinxe á colaboración entre as administracións e o movemento social.

Neste sentido, elaborouse e aprobouse a lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas co obxecto de establecer, no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia, os criterios que permitan unha axeitada coordinación das entidades e institucións que actúan no campo das drogodependencias e regular o conxunto de accións dirixidas á prevención do consumo de drogas e das drogodependencias, ao tratamento e á integración social dos afectados por elas e á formación e investigación no dito campo.

Segundo o artigo 29 da citada lei, a Administración autonómica de Galicia poderá subscribir, conforme á normativa vixente, concertos e convenios e concederlles subvencións a entidades públicas, entidades benéficas privadas sen ánimo de lucro e entidades privadas que interveñan no ámbito da prevención, asistencia, rehabilitación, reinserción, formación ou investigación en materia de drogodependencias.

Para tal efecto, a Consellería de Sanidade, xunto co Servizo Galego de Saúde, estableceu entre o ano 1994 e o 2007, convenios de cooperación cos concellos para o tratamento das drogodependencias ao abeiro da Orde do 25 de abril de 1994, que se continuaron nos dous últimos anos mediante subvencións nominativas.

III.- Neste ano, preténdese continuar con esta cooperación a través da concesión de subvencións, aos concellos de Galicia que dispoñan de Unidades Asistenciais de Drogodependencias para o mantemento da asistencia e tratamento de drogodependencias, conforme ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como na Lei 4/2006, do 30 de xullo, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega. As unidades deberán estar autorizadas, segundo a normativa vixente sobre autorización de unidades, centros, servizos e establecementos sanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia, e os concellos deberán estar inscritos no rexistro de entidades colaboradoras do Plan de Galicia sobre Drogas.

IV.- A concesión destas subvencións ten por obxecto o desenvolvemento de programas de intervención de asistencia sanitaria e a atención desde un enfoque biopsicosocial, a persoas con trastornos aditivos atendendo á planificación e criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde. No desenvolvemento destes programas, a unidade atenderá a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade, equidade e gratuidade.

A prestación sanitaria axustarase ao disposto pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia e comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais.

De conformidade co indicado no expoñendo III, tratándose de unidades autorizadas segundo a normativa sanitaria e inscritas no Rexistro de Entidades Colaboradoras do Plan de Galicia sobre Drogas para a prestación de asistencia a drogodependencias, e, tendo en conta o carácter de asignación

orzamentaria diferenciada para convenios da rede asistencial de loita contra a droga, non procede promover a concorrència pública.

Por todo o anterior e, tendo en conta a especificidade técnica que requiren os programas a desenvolver, así como a prioridade de darlle continuidade aos mesmos, non resulta posible promover concorrència pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 11.2 da Lei 4/2006 de 30 de xuño de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

En base ao exposto, as partes asinan de común acordo o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto:

O obxecto do presente convenio é:

1º.- Regular as condicións que rexerán a relación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e os concellos que se adhiran e acepten as subvencións cuxas bases reguladoras se recollen neste convenio, no funcionamento e colaboración no financiamento polas administracións indicadas da realización e desenvolvemento de programas de intervención de asistencia sanitaria e atención aos trastornos aditivos, a través dos Concellos que dispoñan de Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs), atendendo á planificación e criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde.

No desenvolvemento destes programas, as unidades atenderán a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade, equidade e gratuidade, e comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais.

2º.- Dentro do marco de desenvolvemento do Pacto Local referido no apartado I anteriormente mencionado, regular as condicións que rexerán entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), á que se designa en virtude deste convenio como entidade colaboradora nas subvencións anteditas.

Segunda.- Obrigas da Administración sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

A administración sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Xestión Sociosanitaria e Saúde Mental (Dirección de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde), colaborará no financiamento dos custos que supoña a realización dos programas polos concellos que se adhiran e acepten as subvencións asignadas nominativamente, segundo o cadro que de seguido se insire, cuxas bases reguladoras se recollen neste convenio, a través dos seus orzamentos, cunha achega ingresada na conta da FEGAMP como entidade colaboradora na sinatura deste convenio.

Comprobar o cumprimento e efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o disfrute da subvención.

A contribución ao financiamento das devanditas accións son as seguintes:

CONCELLOS	Ano 2010
BURELA	236.754,25 €
CANGAS	247.506,35 €
CARBALLO	227.303,65 €
GROVE, O	245.001,20 €
MONFORTE	224.527,75 €
NOIA	149.720,00 €
OURENSE	466.983,90 €
PONTEVEDRA	436.490,80 €
PORRIÑO	267.188,45 €
RIBEIRA	421.612,85 €
SANTIAGO	617.268,20 €
VIGO (CEDRO)	614.039,15 €
VILAGARCIA	458.669,50 €
TOTAL PRESUPOSTO 2010	4.613.066,05 €

Terceira. Obrigas da FEGAMP.

No marco do pacto local estimouse conveniente para facilitar a execución do obxecto do convenio e acadar a coordinación dos concellos abrangidos, nomear á FEGAMP como entidade colaboradora asinante deste convenio, para os efectos de recibir os fondos e transferilos en nome e por conta da Xunta de Galicia aos concellos destinatarios, comprometéndose a facer constar expresamente a súa procedencia, así como a finalidade do seu traspaso.

Así mesmo difundirá a actuación entre os concellos e os informará das condicións do convenio e do tipo de gastos para os que se realiza a transmisión das cantidades previstas na cláusula precedente, asumindo as seguintes obrigas:

- a) Recadar a adhesión dos concellos aos que se dirixen as subvencións previstas no presente convenio e a aceptación das bases reguladoras contidas nel. A adhesión e aceptación dos concellos deberá ser efectuada por escrito polo órgano competente.
- b) Entregar aos concellos beneficiarios os fondos recibidos de acordo cos criterios e bases reguladoras establecidas no presente convenio.
- c) Dar traslado á Consellería de Sanidade para a súa comprobación o cumprimento e efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o disfrute da subvención.
- d) Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante o órgano concedente da subvención e entregar a xustificación presentada polos beneficiarios.
- e) Someterse ás actuacións de comprobación que, respecto da xestión de ditos fondos, poida efectuar o órgano concedente, así como calquera outras de comprobación e control financeiro de ditos fondos que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais como comunitarios, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteditas.
- f) Levar a cabo os labores de intermediación entre a Xunta de Galicia e os concellos intervinientes, cando así lle sexa solicitado.

- g) Recabar toda a documentación acreditativa do cumprimento dos concellos respecto dos programas desenvolvidos.
- h) Elaborar e manter actualizada a relación de medios e recursos que teñan os concellos dispoñible para as actuacións conveniadas.
- i) Presentar as declaracións de axudas solicitadas ou concedidas en cada concello para a mesma finalidade e, en caso de non ter ningunha axuda, a presentación dunha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.
- j) As demais obrigas previstas no convenio

A FEGAMP como entidade colaboradora a quen se lle entrega os fondos das axudas e distribúe os mesmos aos beneficiarios, deberá respectar o disposto no artigo 9 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Cuarta.-Obrigas dos concellos que se adhiran ao presente convenio e acepten as bases reguladoras nel contidas.

A realización dos programas conveniados levarase a cabo nas respectivas unidades asistenciais de drogodependencias (UADs). Estes recursos contarán coas debidas autorizacións, de conformidade co previsto na normativa sanitaria aplicable aos establecementos de tratamento de drogodependencias, e aos centros, servizos e establecementos sanitarios, no seu caso.

Os concellos incluídos no ámbito de aplicación do presente convenio que se adhiran e acepten as bases reguladoras contidas nel, asumen os seguintes compromisos:

- Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación establecidas polo Servizo Galego de Saúde.
- Realizar os rexistros necesarios do historial do paciente de acordo coas instrucións do Servizo Galego de Saúde.
- Colaborar coas medidas que o Servizo Galego de Saúde considere conveniente realizar para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe este convenio.
- Manter actualizados os sistemas de información que estean en funcionamento nos dispositivos asistenciais.
- Coordinarse cos servizos de psiquiatría e saúde mental do seu ámbito de actuación, en orde á dependencia funcional en canto ao desenvolvemento dos programas de intervención do responsable de saúde mental de área.
- Axustarse á lei de protección de datos e as instrucións sobre acceso á historia clínica do Servizo Galego de Saúde.

O funcionamento dos programas levados a cabo en materia de drogodependencias polos distintos concellos, deberá estar coordinado coa Subdirección Xeral de Xestión Sociosanitaria e Saúde Mental (Dirección de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde). Se os concellos inician outros programas, ademais dos establecidos nos plans sectoriais, poñerano en coñecemento da subdirección xeral indicada, mediante a presentación do correspondente proxecto, que conterá polo menos os seguintes datos:

- Denominación do programa.
- Poboación á que se dirixe.
- Obxectivos propostos.
- Actividades a realizar.
- Recursos destinados a tal fin.
- Avaliación dos obxectivos e metodoloxía aplicable.

Ademais, os concellos comprométense a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia como beneficiarios da subvención e neste sentido:

- a) Executar o proxecto e realizar a actividade que fundamenta a concesión das subvencións.
- b) Xustificar ante a entidade colaboradora o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicar á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que tiveran fundamentado a concesión da subvención.
Esta comunicación efectuarase no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- f) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento dos programas, actividades, inversións ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.
- g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Quinta.- Unidades asistenciais de drogodependencias (UADs).

As unidades municipais destinadas á realización das actividades conveniadas dependerán tanto xurídica como orgánicamente do ente local e ningún caso terán vínculo laboral coa Xunta de Galicia.

Sexta.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio en canto á relación entre a administración autonómica e a FEGAMP, créase unha Comisión de seguimento composta por un representante da Consellería de Sanidade, un representante do Servizo Galego de Saúde, un representante da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e tres representantes da FEGAMP. O representante da Consellería de Sanidade presidirá a comisión, e dirimirá co seu voto os eventuais empates que poidan producirse.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- a) Velar polo cumprimento do convenio.
- b) Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das actuacións previstas no convenio.
- c) Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación ao convenio.
- d) En xeral, as que o artigo 6.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, lle atribúe ao órgano de vixilancia e control.

Esta comisión solicitará ao remate da vixencia do convenio á Federación Galega de Municipios e Provincias informe técnico correspondente sobre o grao de cumprimento dos obxectivos programados e

relación detallada dos pagos efectuados por cada concello, correspondentes aos meses de vixencia do convenio aos efectos, no seu caso, do reintegro dos importes non liquidados.

Como mecanismo de seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio en canto ás actuacións derivadas das relacións entre a administración autonómica e cada concello que se adhira ao presente convenio e acepte as bases reguladoras contidas nel, créase unha Comisión de seguimento composta por un representante da Consellería de Sanidade, un representante do Servizo Galego de Saúde e dous representantes do concello. O representante da Consellería de Sanidade presidirá a Comisión, e dirimirá co seu voto os eventuais empates que poidan producirse. Son funcións desas comisións de seguimento:

- a) Velar polo cumprimento do convenio no que se refire ás relacións entre a administración autonómica e o concello derivadas do outorgamento da subvención.*
- b) Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.*
- c) Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación ao convenio.*
- d) En xeral, as que o artigo 6.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, lle atribúe ao órgano de vixilancia e control.*

Sétima.- Achegas económicas.

*O Servizo Galego de Saúde, contribuirá ao financiamento das actividades comprendidas no obxecto do presente convenio cun importe total de **4.613.066,05 €** con cargo á aplicación orzamentaria **5001.413A.460.0**, dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, na que existe crédito axeitado e suficiente.*

A contribución das entidades locais que se adhiran ao presente convenio e acepten as bases reguladoras contidas nel, realizarase directamente aos traballadores contratados en cada entidade, con cargo aos seus respectivos orzamentos, na contía que lle corresponda, de conformidade co previsto na cláusula segunda do presente convenio.

Oitava.- Requisitos a cumprir e facer cumprir á entidade colaboradora.

A FEGAMP supervisará que todos aqueles concellos relacionados anteriormente queiran participar das axudas de colaboración no financiamento dos programas, e cumpran co indicado nas cláusulas deste convenio.

Novena.- Xustificación das subvencións.

Nos termos recollidos nos artigos 28 a 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos artigos 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a xustificación por cada concello do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos, consistirá na certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que ten sido concedida.

Cando as actividades teñan sido financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, acreditarase na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

Incluirase:

- a) A xustificación do gasto realizado que foi efectivamente pagado. Xuntaranse as copias dos contratos e os partes de altas á Seguridade Social.
- b) Relación dos medios materiais e persoais necesarios para a realización das actividades obxecto do presente convenio, así como as súas variacións.
- c) Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade; en caso de non ter ningunha axuda, deberase presentar unha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.

Esta documentación presentarase ante a FEGAMP, como entidade colaboradora, que entregará a xustificación presentada polos beneficiarios ao Servizo Galego de Saúde, Subdirección Xeral de Xestión Sociosanitaria e Saúde Mental (Dirección de Asistencia Sanitaria), acompañando certificación do secretario da Federación co Visto e prace do seu Presidente.

A documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Subdirección Xeral de Xestión Sociosanitaria e Saúde Mental (Dirección de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde), a máis tardar antes do 30 de novembro de 2010.

Así mesmo, deberán presentar unha memoria descritiva breve da actividade realizada así como cumprimentar os datos esixidos polo Plan Nacional sobre Drogas no modelo normalizado que se proporcionará para o efecto.

En todo caso, as consellerías asinantes resérvanse o dereito de solicitar tanta documentación consideren precisa, en relación coa xustificación dos gastos.

Con base na indicada documentación, a Subdirección Xeral de Xestión Sociosanitaria e Saúde Mental (Dirección de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde) levará a cabo a comprobación da xustificación documental da subvención e emitirá certificación acreditativa do cumprimento das actuacións previstas no convenio.

Décima.- Gastos subvencionables.

En canto aos gastos subvencionables atenderase ao disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido polo presente convenio.

Decimo primeira.- Período de entrega dos fondos á FEGAMP.

A FEGAMP recibirá á súa solicitude os fondos correspondentes ás subvencións, na medida e coa antelación necesaria para facilitarlle os pagamentos aos concellos beneficiarios, de conformidade co indicado na cláusula seguinte.

Ata a súa entrega aos beneficiarios, os fondos entregados á FEGAMP consideraranse en depósito e en ningún caso esta considerará os fondos recibidos como integrantes do seu patrimonio nin do seu orzamento, nin poderán ser obxecto de retención ou minoración, e deberán ser obxecto de contabilización separada.

A FEGAMP levará os libros e rexistros contables debidos para facilitar a axeitada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas.

Unha vez recibidos os fondos pola FEGAMP, esta transferirá aos beneficiarios finais (concellos) a cantidade que lle corresponda, no prazo máximo de 30 días dende a súa recepción.

A FEGAMP acreditará ante as Consellerías asinantes a entrega dos fondos aos beneficiarios finais mediante xustificante de pagamentos válidos (extractos ou certificación bancaria debidamente identificados).

Décimo segunda.- Libramento de fondos aos concellos.

O pagamento da subvención aos concellos pola FEGAMP realizarase previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o cal se ten concedido, nos termos establecidos neste convenio, sen prexuízo da posibilidade de realizar pagamentos a conta nas condicións que se establecen posteriormente.

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 de Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Poderán realizarse pagamentos a conta fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, abonándose por contía equivalente á xustificación presentada e, previa comprobación pola administración sanitaria, a conta da liquidación definitiva. Achegaranse os xustificantes de gasto ocasionados polo desenvolvemento das mesmas, xunto cunha relación ordenada e detallada daqueles gastos.

O importe conxunto dos pagamentos a conta non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados.

A porcentaxe restante (20%) non se fará efectiva ata que estea integramente xustificada a totalidade dos gastos correspondentes ás actividades conveniadas incluíndo, no seu caso, o importe dos pagamentos a conta.

De conformidade co previsto no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, os pagamentos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

A documentación xustificativa para os pagos a conta será a indicada na cláusula novena e presentarase á FEGAMP que, previa a súa comprobación pola administración sanitaria, solicitará ao Servizo Galego de Saúde as cantidades necesarias para efectuar os pagos por contía equivalente á xustificación presentada, acompañando certificación do Secretario da Federación co Visto e prace do seu Presidente sobre o cumprimento parcial do obxecto do convenio, aplicándose o réxime previsto na cláusula anterior.

Para unha maior simplificación procedimental os pagamentos a conta que realizará á FEGAMP aos concellos beneficiarios efectuaranse os últimos cinco días de cada mes e unha vez recibidas as comprobacións da administración sanitaria.

Décimo terceira.- Cláusulas adicionais

Os beneficiarios finais deste convenio están obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

A participación no presente convenio, tanto da entidade colaboradora como dos beneficiarios finais, suporá o consentimento expreso dos interesados á administración para incluír e facer públicos os datos

referidos ao convenio nos rexistros públicos da Xunta de Galicia, creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de novembro e Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas, e en todo caso a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar, se con isto se alterasen os obxectivos deste convenio, á modificación da resolución da concesión.

O incumprimento dalgunha das obrigas recollidas neste convenio dará lugar ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e o xuro de demora correspondente de acordo co establecido no Art. 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Décimo cuarta.- Causas de resolución.

Sen prexuízo das causas de reintegro previstas no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, son causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas.
- b) A aplicación dos fondos outorgados a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) O mutuo acordo das partes asinantes.
- d) A introdución de modificacións nas directrices dos programas a desenvolver, sen contar coa previa autorización escrita da Subdirección Xeral de Xestión Sociosanitaria e Saúde Mental (Dirección de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde).
- e) A denuncia de calquera das partes asinantes, sempre que o notifique ás outras con dous meses de antelación á data de finalización da vixencia do convenio.

Décimo quinta.- Xurisdición e normativa aplicable.

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento. As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

En todo o non disposto neste convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007 do 13 de xuño e en canto non se opoña ao establecido na dita Lei, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, en canto lle sexa de aplicación.

Décimo sexta.- Vixencia.

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro do ano 2010. Sen embargo, atenderanse os gastos derivados do cumprimento deste convenio dende o 1 de xaneiro de 2010 ata o 30 de novembro de 2010, data límite para presentar as xustificacións de gasto.

En proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado na data e lugar ó inicio mencionados.

6(1.410).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DAS FEIRAS DO LIBRO EN VIGO 2010. EXPTE. 12410/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 14.07.2010, conformado polo concelleiro delegado da área de Animación Sociocultural, co informe do letrado asesor do 12.08.2010 e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 26.08.2010 co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar unha subvención de 8.000 € (oito mil euros) á FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA, CIF V15038458, de acordo co documento presentado por esta entidade de 14 de xuño de 2010, para o financiamento do funcionamento e actividades das Feiras do Libro de Vigo correspondente ao ano 2010 con cargo á partida 3340.489.00.06 “Federación de Libreiros de Galicia. Feiras do libro de Vigo” que figura no presuposto vixente do Concello de Vigo.

2º.- A subvención que outorga o Concello de Vigo á FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA, para o desenvolvemento da actividade e funcionamento das feiras do libro de Vigo axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

Tamén resulta aplicable a lexislación sectorial sobre libro e feiras do libro en particular o Decreto da Xunta de Galicia 40/1995 do 27 de xaneiro polo que se regulan as feiras culturais de Galicia, que entre outras normas faculta á Consellería de Cultura para determinar o número de feiras que se poden realizar cada ano por localidade e as condicións para a participación en cada unha delas. A Orde do 18 de xuño de 2010 regula, dentro das feiras culturais, as seccións de feiras do libro en Galicia que teñen lugar no ano 2010 (DOG num 122, do 29 de xuño de 2010).

A concesión da subvención directa á Federación de Libreiros de Galicia axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2010, como polo interese público e social que supón para a cidade de Vigo a realización da Feira 36 do Libro novo ou en catálogo e 19 Feira do Libro antigo e de ocasión, promovidas pola citada Federación de Libreiros de Galicia, acreditado pola concordancia do programa da Federación de Libreiros de Galicia cos seus fins recollidos nos seus Estatutos, no Regulamento das Feiras do Libro e na normativa sectorial sobre feiras culturais e do libro.

A Federación de Libreiros de Galicia foi impulsada polos libreiros establecidos en Galicia co obxecto, entre outros, de cumprir os fins e obxectivos comúns propios do ramo de

librería, para o fomento da solidariedade entre os seus membros e para acadar todos aqueles que se describen nos seus estatutos.

Polo exposto, e en especial en atención á normativa específica das feiras culturais e do libro, non procede a concorrència competitiva en relación a esta subvención á Federación de Libreiros de Galicia.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

3º.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Libreiros de Galicia que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do funcionamento e actividades das feiras do libro de Vigo en 2010.

36 Feira do Libro novo, do 2 ao 11 de xullo na praza de Compostela.

19 Feira do Libro antigo, do 24 de xullo ao 8 de agosto na praza de Compostela.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A
FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA O
FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES
DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO*

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil dez.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesús López Carreira na súa calidade de Concelleiro-Delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na praza do Rei s/nº, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. Xurxo Patiño Pérez, na súa calidade de Presidente da Federación de Libreiros de Galicia, CIF V15038458, e con enderezo na R/ Eduardo Iglesias, 12 - 5º, 36202 de Vigo, que no sucesivo se denominará A FEDERACIÓN.

MANIFESTAN

- *Coa finalidade de facilitar que a Federación de Libreiros de Galicia poida desenvolver as Ferias do Libro de Vigo do ano 2010 as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración en concepto de subvención.*
- *D. Xesús López Carreira, actúa na súa calidade de Concelleiro-Delegado, de acordo coa resolución da Alcaldía do 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007, sobre competencias delegadas e D. Xurxo Patiño Pérez actúa na súa calidade de Presidente da Federación de Libreiros de Galicia conforme á acta nº 173, da Asemblea Xeral Extraordinaria da Federación de Libreiros de Galicia, celebrada o 28 de xuño de 2008, onde foi elixido presidente da entidade.*
- *A subvención que outorga o Concello de Vigo á Federación para o desenvolvemento do funcionamento e actividades das feiras do libro de Vigo do ano 2010 axustarase ao establecido na*

seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

- A FEDERACIÓN reúne a condición de beneficiario da subvención e de acordo cos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias detalladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo.

En consideración ao antes exposto, o CONCELLO e a FEDERACIÓN establecen a súa relación mediante o presente convenio, composto polas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada á FEDERACIÓN pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, con data _____ con destino ao programa de funcionamento e actividades das feiras do libro de Vigo, correspondente ao ano 2010. As liñas xerais do programa da FEDERACIÓN consistirán, basicamente, en: promoción do libro a través de vendas e realización de actividades de dinamización do libro e da lectura; presentacións de libros e sinaturas dos autores, mesas redondas, coloquios e recitais poéticos, espectáculo teatral, concerto, obradoiros, contacontos, recitais, etc.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a 37.269,90 €. A FEDERACIÓN financiará o seu programa do seguinte xeito:

- 8.000 € (oito mil euros) con cargo ao presuposto do Concello de Vigo, partida 3340.489.00.06 “Federación de Libreiros de Galicia. Feiras do libro de Vigo” do vixente presuposto municipal; que supoñen o 21,46 % do total do presuposto.
- 17.100 € por cotas de inscrición dos participantes.
- 3.600 € subvención Consellería de Cultura e Turismo.
- 8.569,90 € recursos da entidade.

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

As Feiras do Libro que realizará a FEDERACIÓN en Vigo son as seguintes:

36 Feira do Libro novo, do 2 ao 11 de xullo na praza de Compostela.

19 Feira do Libro antigo, do 24 de xullo ao 8 de agosto en Montero Ríos.

CUARTA.- OBRIGAS DA FEDERACIÓN EN RELACIÓN COAS ACTIVIDADES DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO DO ANO 2010.

- a) Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento, tanto directos como indirectos.
- b) Responsabilizarse da organización integral das Feiras do Libro de Vigo do ano 2010, de difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, solicitar os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de permisos de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- c) Comprometerse á organización de todas as actividades, asumindo todos os gastos derivados desa programación, incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da Consellería de Cultura e Animación Sociocultural, derivada da subvención concedida as Feiras do Libro de Vigo do ano 2010.

- d) Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar co CONCELLO as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- e) Estar en comunicación cos responsables de mantemento da páxina web do departamento de Cultura facilitándolle toda a información necesaria para que a páxina Vigo cultura estea ao día da información xerada pola Federación de Libreiros de Galicia para as Feiras do Libro de Vigo do ano 2010.
- f) Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima.
- g) A FEDERACIÓN comunicará ao Concello de Vigo as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co Art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (Art. 17.3 da citada lei).
- h) A concesión da subvención á FEDERACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa das feiras e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tralo cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención á FEDERACIÓN é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á que a FEDERACIÓN informará sobre o desenvolvemento das actividades e do funcionamento das feiras; en particular sobre o calendario da programación prevista, para que coa antelación necesaria se poida incluír na información cultural que se produza.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A FEDERACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre as feiras, etc., de acordo coa Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

A FEDERACIÓN asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ás feiras como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e o da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural, figurará debidamente en tódalas publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias á FEDERACIÓN, as feiras, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto anual subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

A FEDERACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

A FEDERACIÓN tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á FEDERACIÓN do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento das Feiras do Libro de Vigo no ano 2010, trala aprobación da achega do Concello de Vigo pola Xunta de Goberno Local e unha vez realizadas e xustificadas as actividades, xunto coa presentación da liquidación, antes do 30 de novembro de 2010,

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

A FEDERACIÓN presentará:

- a) Solicitude de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.*
- b) Certificación de estar ao corrente no cumprimento da súas obrigas tributarias e pagamentos; emitidos pola AEAT, Consellería de Economía e Facenda, Seguridade Social e Concello de Vigo; ou declaración responsable ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 7/2007 de subvencións de Galicia.*
- c) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento das Feiras do Libro, que xustificará o cumprimento das condicións establecidas e a consecución dos obxectivos e que deberá incluír como mínimo:
Datos sobre os participantes nas actividades. (Libreiros: número e perfil dos asistentes; datos de público participante, etc.).*

Memoria de prensa.

d) Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos polos importes totais das Feiras do Libro de Vigo en 2010 organizadas pola FEDERACIÓN, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión de facturas e importes.

e) Detalles dos outros fondos públicos ou privados obtidos pola FEDERACIÓN para financiar a totalidade das Feiras do Libro de Vigo en 2010: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

As facturas orixinais vinculadas ao proxecto subvencionado, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporaranse xunto coa relación á que se fai referencia no parágrafo anterior.

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampinado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampinado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Coa solicitude de pagamento da subvención a FEDERACIÓN acreditará ter entregado ao departamento de Cultura do Concello de Vigo 20 (vinte) exemplares dos elementos de difusión da Feiras do Libro de Vigo en 2010.

A liquidación do pagamento da subvención está condicionado á conformidade do Concelleiro-Delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán ao funcionamento das Feiras do Libro de Vigo e aos gastos ocasionados pola actividade propia desta entidade para o cumprimento dos seus fins, o longo do exercicio 2010, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

IMPORTE TOTAL DE SUBVENCÍONS OU AXUDAS.-

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola FEDERACIÓN para a actividade e funcionamento das Feiras do Libro de Vigo en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados.

A FEDERACIÓN comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio por parte da FEDERACIÓN axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo a cancelación do convenio.

DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2010. Este convenio non é prorrogable.

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciado convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

ANEXO
PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A
FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO
PARA O FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES
DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO

PROGRAMA-PRESUPOSTO DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO – 2010

INGRESOS				37.269,90
	Feira do libro novo			
	Subvención do Concello de Vigo	8.000,00		
	Subvención da Consellería de Cultura e Turismo	3.600,00		
	Cotas de inscrición dos participantes	7.800,00		
	Recursos da entidade	3.700,00		
	TOTAL INGRESOS:.....			23.100,00
	Feira do libro antigo e de ocasión			
	Cota de participación dos expositores	9.300,00		
	Recursos propios da entidade	4.869,90		
	TOTAL INGRESOS:.....			14.169,90
GASTOS				
	Gastos da Feira do libro novo		23.100,00	
	Infraestrutura (casetas, carpa e megafonía)	20.500,00		
	Persoal e mantemento	2.300,00		
	Varios e imprevistos	300,00		
	Gastos da Feira do libro antigo e de ocasión		14.169,90	

<i>Casetas de 9 m.</i>	5.398,50		
<i>Casetas de 6 m.</i>	5.758,40		
<i>Servizo de megafonía</i>	413,00		
<i>Gastos de persoal</i>	1.800,00		
<i>Comunicacións e convocatorias</i>	300,00		
<i>Varios e imprevistos</i>	500,00		
<u>TOTAL GASTOS:.....</u>			<u>37.269,90</u>

7(1.411).- SUBVENCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO DE ACTIVIDADES DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES EN 2010. CONVENIO DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA. EXPTE. 12177/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 28.05.2010, conformado polo concelleiro delegado da área de Animación Sociocultural, co informe do letrado asesor do 11.08.2010 e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 26.08.2010 co conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar unha subvención de 36.000 € (trinta e seis mil euros) á FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF G36745396, de acordo co documento presentado por esta entidade de 30 de marzo de 2010, para o financiamento do funcionamento e actividades do Instituto de Estudos Vigueses correspondente ao ano 2010 con cargo á partida 3340.489.00.02 “Fundación Provigo–Instituto de Estudos Vigueses” que figura no presuposto vixente do Concello de Vigo.

2º.- A subvención que outorga o Concello de Vigo á FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, para o desenvolvemento da actividade e funcionamento do Instituto de Estudos Vigueses axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa á FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2010, como polo interese público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade da Fundación e do Instituto, acreditado pola concordancia do programa da Fundación cos fins e actividades recollidos no seu Regulamento e cos Estatutos da Fundación, que foi impulsada polo propio Concello.

A Fundación Provigo e a súa Área foi impulsada polo propio Concello e outras institucións (estatutos aprobados polo Pleno do Concello de Vigo do 28 de maio de 1992) co obxecto,

entre outros, de realizar proxectos de estudio ou investigación dirixidos a coñecer a situación de Vigo e o seu entorno e actuar como grupo de opinión en relacións en defensa dos intereses de Vigo e do entorno que abarca a Fundación. O Instituto de Estudos Vigueses créase baixo o Padroado da Fundación Provigo e a súa Área (art. 1 do seu regulamento), co fin de fomentar, orientar e coordinar o labor investigador en diversas disciplinas e manifestacións que se refiran a Vigo e bisbarra; así mesmo informará peticións de organismos e entidades culturais (art. 2 do regulamento). A actividade e composición cualificada do Instituto de Estudos Vigueses confire un carácter singular á concesión da subvención, polo que non procede a concorrencia para o outorgamento desta subvención.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

3º.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Provigo e a súa Área que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do funcionamento e actividades do Instituto de Estudos Vigueses en 2010.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A
FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA O
FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES
DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES*

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil dez.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesús López Carreira na súa calidade de Concelleiro-Delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na praza do Rei s/nº, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. José Francisco Armesto Pina, na súa calidade de Director Xerente da FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF G36745396, e con enderezo na Praza de Compostela, 22 baixo, 36201 de Vigo, que no sucesivo se denominará A FUNDACIÓN.

MANIFESTAN

- *O Concello de Vigo, a Fundación Provigo e a súa Área - Instituto de Estudos Vigueses tiñan asinado diversos convenios de colaboración nos que se definían as dependencias e medios cos que ía desenvolver o seu labor o mencionado INSTITUTO; así como outros convenios que permitiron o seu funcionamento e actividade.*
- *Coa finalidade de facilitar que o INSTITUTO poida desenvolver o seu labor no ano 2010 as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración en concepto de subvención para o seu funcionamento e actividades.*
- *D. Xesús López Carreira, actúa na súa calidade de Concelleiro-Delegado, de acordo coa resolución da Alcaldía do 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007, sobre competencias delegadas e D. José Francisco Armesto Pina actúa na súa calidade de Director Xerente conforme á escritura de apoderamento nº 830 outorgada o 9 de xuño de 2009 pola FUNDACIÓN.*

- A subvención que outorga o Concello de Vigo á FUNDACIÓN para o desenvolvemento do funcionamento e actividades do INSTITUTO axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.
- A FUNDACIÓN reúne a condición de beneficiario da subvención e de acordo cos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias detalladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo.

En consideración ao antes exposto, o CONCELLO e a FUNDACIÓN establecen a súa relación mediante o presente convenio, composto polas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada á FUNDACIÓN pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, con data _____ con destino ao programa de funcionamento e actividades do INSTITUTO, órgano cultural da Fundación, correspondente ao ano 2010, que se detalla no Anexo. As liñas xerais do programa do INSTITUTO consistirán, básicamente, en: edición e presentación de publicacións, Centro de Documentación da Historia de Vigo, subscricións, outras actividades e gastos de funcionamento.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a 39.000 €. O INSTITUTO financiará o seu programa do seguinte xeito:

- 36.000 € (trinta e seis mil euros) con cargo ao presuposto do Concello de Vigo, partida 3340.489.00.02 “Fundación Provigo – Instituto de Estudos Viqueses” do vixente presuposto municipal; que supoñen o 92,31 % do total do presuposto.
- 3.000 € por venda de libros.

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

O INSTITUTO establecerá as datas e lugares concretos das actividades do seu programa e as comunicará ao Concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e a xefatura do departamento de Cultura, cunha antelación mínima de 15 días.

CUARTA.- MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DA FUNDACIÓN EN RELACIÓN COA ACTIVIDADE DO INSTITUTO

1.- Cumprir o programa obxecto de subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento.

2.- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima.

3.- Entregar á Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural 20 (vinte) exemplares das publicacións que realice o INSTITUTO durante o ano 2010; con carácter especial este fondo podería ampliarse para afrontar compromisos institucionais do Concello se se solicitan pola Concellería-delegada en escrito motivado.

4.- Completar o fondo editorial do INSTITUTO na Biblioteca Central, na da Casa Galega da Cultura, Museo de Castrelos e Arquivo Municipal; no caso que o fondo estivese incompleto nestes organismos.

5.- Emitir os informes que se lle poidan requerir polos órganos de goberno do Concello de Vigo sobre asuntos locais, en particular sobre a xustificación de inclusión ou cambios de nomes no rueiro da cidade.

6.- A FUNDACIÓN comunicará ao Concello de Vigo as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co Art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (Art. 17.3 da citada lei).

7.- A concesión da subvención á FUNDACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- Mecanismos de asistencia técnica. Obrigas do Concello de Vigo-Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa do INSTITUTO e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tralo cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención á FUNDACIÓN é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á que a FUNDACIÓN informará sobre o desenvolvemento das actividades e do funcionamento do INSTITUTO; en particular sobre o calendario da programación prevista, para que coa antelación necesaria se poida incluír na información cultural que se produza.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A FUNDACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web,

nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre o INSTITUTO, etc., de acordo coa Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

A FUNDACIÓN asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao INSTITUTO como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e o da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural, figurará debidamente en tódalas publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias á FUNDACIÓN, INSTITUTO, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto anual subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

A FUNDACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

A FUNDACIÓN tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓN.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

CALENDARIO DE PAGAMENTO.-

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á FUNDACIÓN do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento do INSTITUTO no ano 2010, de acordo co seguinte calendario:

- a) unha primeira achega, por un importe do 25 % do total da subvención trala aprobación da achega do Concello de Vigo pola Xunta de Goberno Local e co correspondente convenio asinado;
- b) unha segunda achega, por importe máximo do 50 % da subvención durante o mes de setembro de 2010 ou dos meses despois da adopción do acordo e antes da liquidación en todo caso;
- c) unha terceira achega, polo importe pendente de tramitación antes do 30 de novembro de 2010, xunto coa liquidación.

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas a FUNDACIÓN presentará:

- a) *Solicitud de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.*
- b) *Informe sobre actividades realizadas e sobre funcionamento do INSTITUTO relativo a cada un dos períodos antes citados, xunto co detalle dos gastos e ingresos. Achegaranse as facturas orixinais correspondentes ao importe solicitado para cada período.*
- c) *Certificación de estar ao corrente no cumprimento da súas obrigas tributarias e pagamentos; emitidos pola AEAT, Consellería de Economía e Facenda, Seguridade Social e Concello de Vigo; ou declaración responsable ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 7/2007 de subvencións de Galicia.*

Liquidación da subvención:

Para a liquidación da terceira achega, último pagamento da subvención, presentarase a seguinte documentación antes do 30 de novembro de 2010:

- a) *Solicitud polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.*
- b) *Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento do INSTITUTO de Estudos Vigueses, adscrito á FUNDACIÓN, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos e que deberá incluír como mínimo:*

Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).

Memoria de prensa.

- c) *Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento e actividades do INSTITUTO, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.*

- d) *Detalles dos outros fondos públicos ou privados obtidos pola FUNDACIÓN para financiar a totalidade das actividades e funcionamento do INSTITUTO: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*

As facturas orixinais vinculadas ao proxecto subvencionado, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporaranse xunto coa relación á que se fai referencia no parágrafo anterior.

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampinado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampinado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Con cada solicitude de pagamento a FUNDACIÓN acreditará ter entregado ao departamento de Cultura do Concello de Vigo os 20 (vinte) exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente, esta circunstancia.

A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do Concelleiro-Delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán ao funcionamento do INSTITUTO e aos gastos ocasionados pola actividade propia desta entidade para o cumprimento dos seus fins, o longo do exercicio 2010, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola FUNDACIÓN para a actividade e funcionamento do INSTITUTO en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados.

A FUNDACIÓN comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio por parte da FUNDACIÓN axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo a cancelación do convenio.

DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2010. Este convenio non é prorrogable.

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciarse o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

ANEXO
 PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A
 FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA O
 FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES
 DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES

PROGRAMA-PRESUPOSTO DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES – 2010

INGRESOS				<u>39.000</u>
	Subvencións			
	Concello de Vigo	36.000		
	Venda de libros	3.000		
TOTAL	INGRESOS:.....			<u>39.000</u>
GASTOS				
	Gastos externos		7.300	
	Material de oficina	1.000		
	Comunicacións	3.500		
	Mantemento e reparacións	500		
	Subscricións	800		
	Asemblea CECEL	500		
	Varios	1.000		
	Programas		26.000	
	Edición e presentación Boletín GLAUCOPIS Nº XV-2010	5.000		
	Colección libros de peto “Vigo na Memoria”	6.000		
	Reedición do libro “Os Petroglifos e o seu contexto”	6.000		
	Edición e presentación dun libro sobre Edicións Bibliográficas dos primeiros anos do século XX	9.000		
	Cetro de Documentación Histórica de Vigo		4.800	
	Actualización da páxina Web	1.500		
	Renovación equipo fax e instalación	500		
	Edición en PDF dos artigos dos Boletíns GLAUCOPIS	2.000		
	Outros	800		
	Outras actividades culturais	900	900	
TOTAL	GASTOS:.....			<u>39.000</u>

8(1.412).- AUTORIZAR A ESCUDERÍA VIGUESA RACING SPORT COMPETICIÓN A ORGANIZAR OS VINDEIROS DÍAS 11 E 12 DE SETEMBRO DE 2010, A 4ª SUBIDA CIDADE DE VIGO DE AUTOMOVILISMO. EXPTE. 9711/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 23.08.2010, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar Á Escudería Viguesa Racing Sport Competición a organizar os vindeiros días 11 e 12 de setembro de 2010, a “4ª Subida Cidade de Vigo”, de automobilismo. as probas comezarán o sábado 11 de setembro dende as 9.30 horas ata as 22.00 horas e o domingo 12 de setembro de 8.30 horas a 15.00 horas, con saída do Pavillón de Deportes de Bembrive (subida Ramallas), e a meta no Campo de fútbol de San Estebán de Beade -Parque Forestal cerca do CUVI-.”

9(1.413).- SUBVENCIÓN DIRECTA Á ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. POLA ORGANIZACIÓN DA PROBA DO CAMPIONATO DO MUNDO DE ENDURO 2010. EXPTE. 9699/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director técnico do IMD, do 20.07.2010, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, co informe xurídico do letrado asesor do 12.08.2010 e co informe da xefa de Fiscalización, do 23.08.2010 co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a presente resolución de concesión de subvención directa por un importe de 120.000,00 €. a favor da entidade organizadora da proba do Campionato do Mundo de Enduro 2010 en Vigo, Organización de Ideas de Éxito S.L., co CIF: B-27719434 con enderezo social na rúa Pío XII núm. 10 de Porriño, con cargo á partida 3410.470.00.02 do vixente orzamento e de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

2º.- O obxecto da presente proposta de resolución é coadxuvar o financiamento da organización da proba do Campionato do Mundo de Enduro que se celebrou en Vigo o día 9 de xaneiro de 2010, organizada pola entidade Organización de Ideas de Éxito S.L.

3º.- A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2010.

4º.- Esta subvención que se regula a través desta resolución non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente, no orzamento aprobado para o exercicio 2009, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

5º.- Esta subvención non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

6º.- Que a entidade organizadora da proba do Campionato do Mundo de Enduro que se celebrou en Vigo, Organización de Ideas de Éxito S.L. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

7º.- A tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución a entidade organizadora da proba do Campionato do Mundo de Enduro 2010 en Vigo, Organización de Ideas de Éxito S.L., dentro do prazo máximo dun mes dende a notificación desta resolución, deberá de axuntar coa memoria xustificativa correspondente das actividades realizadas, xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención (facturas previstas no do RD 1496/2003), documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións, que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, ou outros documentos a favor da entidade beneficiaria que xustifique o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

A beneficiaria poderá xustificar gastos en relación a subcontratación da totalidade das actuacións vinculadas directamente coa organización do evento e a actividade subvencionada co cumprimento das condicións previstas no apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8º.- As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9º.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

10º.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

10(1.414).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. (2)

Examinadas as actuacións do expediente, visto a proposta de ditame do vogal do Tribunal Económico, do 17.08.2010, o informe do interventor xeral accdtal., do 20.08.2010, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 28.07.10, que di o seguinte:

“Segundo instrucións da Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en actualizar o tipo impositivo para inmóbles de natureza urbana e de características especiais que figuran no artigo 8 da Ordenanza Fiscal nun 0,49% coa finalidade de compensar a diferenza entre a variación real do IPC entre 30 de abril de 2009 e 30 de Abril de 2010 (1,5%) e a variación do valor catastral que establece a Lei de Presupostos Xerais do Estado (1%).

Actualízase o importe dos ingresos brutos anuais per capita que constitúen o límite ata o que as familias numerosas terían dereito á bonificación do 90% da cota do imposto (artigo 6.3).

A modificación axústase ó disposto no RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) así como as restantes disposicións legais de aplicación e o expediente deberá ser tramitado conforme o disposto nos artigos 15 a 19 do citado RDL 2/2004 e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de Abril de Bases de Réxime Local.

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES” (2).

ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS

3. Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos –pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa a vivenda que constituía a residencia habitual da familia e sempre e cando cumpran a seguinte condición:
Contar con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude, inferiores a 5.530 euros.

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.
2. O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,759%.
3. O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,3%.
4. O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,759%.

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª. A presente modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2011 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

11(1.415).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. (3)

Examinadas as actuacións do expediente, visto a proposta de ditame do vogal do Tribunal Económico, do 17.08.2010, o informe do interventor xeral accdtal., do 20.08.2010, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 28.07.10, que di o seguinte:

“Segundo instrucións da Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de tracción mecánica que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en actualizar as tarifas vixentes nun 1,5% (variación do I.P.C. entre Abril 2009 e Abril 2010).

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA” (3).

ARTIGO 6.- COTA

1.

A. TURISMOS	COTA ANUAL
A.1. de menos de 8 cabalos fiscais	21,15 €
A.2. de 8 ata 11,99 cabalos fiscais	58,80 €
A.3. de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	126,30 €
A.4. de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	179,22 €
A.5. de máis de 20 cabalos fiscais	224,00 €
B. AUTOBUSES	COTA ANUAL
B.1. de menos de 21 prazas	142,75 €
B.2. de 21 a 50 prazas	207,30 €
B.3. de máis de 50 prazas	259,20 €

C. CAMIÓN	COTA ANUAL
C.1. de menos de 1000 kg. de carga útil	72,80 €
C.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	142,75 €
C.3. de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil	207,30 €
C.4. de máis de 9999 kg. de carga útil	259,20 €
D. TRACTORES	COTA ANUAL
D.1. de menos de 16 cabalos fiscais	27,60 €
D.2. de 16 a 25 cabalos fiscais	44,20 €
D.3. de máis de 25 cabalos fiscais	132,40 €
E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA	COTA ANUAL
E.1. máis de 750 kg a 1000 kg. carga útil	30,25 €
E.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	47,60 €
E.3. máis de 2999 kg. de carga útil	145,50 €
F. OUTROS VEHÍCULOS	COTA ANUAL
F.1. Ciclomotores	6,40 €
F.2. Motocicletas ata 125 cc.	6,40 €
F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.	12,70 €
F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.	30,29 €
F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.	60,58 €
F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.	121,16 €

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2011 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

12(1.416).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. (4)

Examinadas as actuacións do expediente, visto a proposta de ditame do vogal do Tribunal Económico, do 17.08.2010, o informe do interventor xeral acdta., do 20.08.2010, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 28.07.10, que di o seguinte:

“Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta da Modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas que figura no presente expediente.

No exercicio das facultades potestativas do Concello, a única modificación, consiste na actualización dos coeficientes de situación regulados no artigo 8 da ordenanza na mesma porcentaxe de variación do IPC entre 30 de abril de 2009 e 30 de abril de 2010 (1,5%).

O texto proposto axústase ó disposto no RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais: artigos 78 a 91), Reais Decretos Lexislativos nº 1175/90 de 28 de Setembro e 1259/91 de 2 de Agosto que conteñen as Tarifas e Instrución do Imposto así como o Real Decreto 243/1995 de 17 de Febreiro que dita normas para a Xestión do I.A.E. e restantes disposicións legais de aplicación. O expediente deberá ser tramitado conforme o disposto nos artigos 15 a 19 da citada Lei e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de Abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS” (4).

ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

1.

<i>Categoría Fiscal</i>	<i>Coefficiente Situación</i>
1ª	2,94

2ª	2,75
3ª	2,58
4ª	2,38
5ª	2,22
6ª	2,02

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse ó 1 de xaneiro de 2011 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

13(1.417).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU DE QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS A INSTANCIA DE PARTE. (10)

Examinadas as actuacións do expediente, visto a proposta de ditame do vogal do Tribunal Económico, do 17.08.2010, o informe do interventor xeral acdctal., do 20.08.2010, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 28.07.10, que di o seguinte:

“Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas polos Documentos que expida ou que entenda a Administración do Concello ou a dos seus Organismos Autónomos, a instancia de parte, que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en actualizar as tarifas vixentes nun 1,5% (variación do I.P.C. entre Abril 2009 e Abril 2010).

Igualmente, actualízanse os mínimos exentos tanto por ingresos brutos anuais per cápita (1,5%) como por valor catastral (1%) que serven para aplicación dos beneficios fiscais regulados no artigo 3.

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, A INSTANCIA DE PARTE” (10).

ARTIGO 3.- EXENCIONS

2. Estarán exentos de taxas pola expedición de certificados de empadramento referidos no epígrafe 1.a) do artigo 5 desta ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.540 €. A titularidade de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para o disfrute desta exención ditarase resolución da Concellería de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior.

ARTIGO 5.- BASE E COTA TRIBUTARIA

Tomarase como base do gravame a natureza dos documentos que se tramitarán conforme coa seguinte tarifa:

1. Certificados relativos ó Padrón Municipal de Habitantes:

a. De ata 5 anos de antigüidade 2,10 €

b. Superior a cinco anos ata dez 4,30 €

c. De mais de dez anos 11,45 €

d. Relativo ó nº de habitantes dunha sección ou distrito, clasificados polos diversos parámetros: idade, sexo, nivel de instrución, etc:

Por cada distrito ou sección e parámetro 2,10 €

e. Relativo ó total de habitantes do concello, referente a tódalas seccións e distritos, e clasificados por parámetros:

<i>Por cada parámetro</i>	38,70 €
2. Certificados de documentos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:	
<i>a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina</i>	9,45 €
<i>b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de</i>	1,35 €
3. Restantes certificados:	
<i>a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina</i>	2,10 €
<i>b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de</i>	1,35 €
4. Copias de planos:	
<i>a. Copia de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, relativos a expedientes non terminados</i>	
- DIN A-4	1,75 €
- DIN A-1	3,45 €
- Por cada m2 ou fracción de exceso sobre un DIN A-1, un recargo de	8,95 €
<i>b. Copia de planos oficiais de planeamento non vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, sempre e cando se refiran a expedientes terminados:</i>	
<i>- De ata tres anos de antigüidade aplicaráselle o dobre da tarifa sinalada no epígrafe 4.a).</i>	
<i>- Por cada ano máis de antigüidade incrementaráselle a tarifa deste epígrafe 4.b).</i>	
<i>Por cada Plano</i>	1,35 €
<i>c. Copias de planos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:</i>	
- De ata tres anos de antigüidade, por un plano.	9,45 €
- Por cada ano ou plano máis, un recargo de	1,35 €
5. Copias de expedientes ou documentos que obran nas dependencias do Concello.	
<i>a. de ata 1 ano de antigüidade, por cada páxina</i>	
A4	0,35 €
A3	0,40 €
<i>b. de máis dun ano de antigüidade e ata 3, por cada páxina</i>	
A4	0,50 €
A3	0,95 €
<i>c. de máis de 3 anos de antigüidade e ata 10, por cada páxina</i>	
A4	0,70 €
A3	1,10 €
<i>d. de máis de 10 anos de antigüidade, por cada páxina</i>	
A4	0,90 €

A3 1,90 €

Se o expediente o documento excedera de 100 páxinas, a partir desta cifra, o importe será a metade dos sinalados nos apartados anteriores a, b, c, d, segundo corresponda

No suposto en que os documentos relativos os apartados 4 e 5 anteriores puideran ser facilitados en soporte magnético e así o demandaren os interesados, o importe do soporte facilitado calcularase segundo o número e tipo de páxinas que conteña, aplicando as tarifas dos apartado 4 e 5 anteriores.

6. Verificación de poderes:

- a Validación de poder, por cada un 9,45 €
- b. Dilixencia de recoñecemento de sinatura
en endosos, por cada unha 4,05 €
- c. Simple recoñecemento de sinatura 2,45 €

7. Fotocopias:

- a. Fotocopias de documentos achegados polos interesados,
- por cada páxina A4. 0,15 €
- por cada páxina A3 0,40 €
- b. Compulsa de documentos
- Primeira páxina 1,35 €
- Por cada unha das restantes 0,45 €

8. Xerocopias de ordenanzas e regulamentos:

- Por cada exemplar 4,10 €

9. Solicitud para tomar parte no procedemento de selección e promoción de persoal:

- a. Por cada unha dos grupos A e B 32,90 €
- b. Por cada unha dos grupos C, D e E 18,40 €

10. Informacións urbanísticas 13,75 €

11. Cédulas urbanísticas 45,55 €

12. Impresos de autoliquidación de tributos s/custo

13.1 Expedición de informes sobre intervencións ou actuacións da Policía Local a petición do interesado. 9,45 €

13.2 Expedición de informes relativos a accidentes de circulación realizados pola Policía Local. 95,55 €

13.3 Expedición de Informes de Residencia/Convivencia ou ámbolos dous. 3,30€

13.4 Expedición de Certificados de Residencia/Convivencia ou ámbolos dous.	9,45 €
13.5 Informes realizados polo Departamento de Tráfico.	9,45 €
14. Comunicaci3ns sobre transferencias ou transmisi3ns de licenzas tanto de Construci3ns, Instalaci3ns e Obras como de Actividades. (Ordenanzas 50 e 51).	43,05€
15. Certificados relativos á recadaci3n de tributos:	
a. Por recibo tributario ata 3 anos de antigüidade	9,80 €
b. Por cada recibo e ano que sobrepase os 3 de antigüidade, un recargo de	1,35 €
16. Documento acreditativo de INSCRICI3N PADR3N MUNICIPAL DE HABITANTES	0,60 €
17. Carn3s expedidos polo Departamento de Medio Ambiente e outros.	3,45 €
18. Á edici3n completa das ordenanzas fiscais, urbanísticas ou documentaci3n relativa a planeamento urbanístico, así como calquera outra publicaci3n do Concello aplicaráselle a tarifa que resulte de cubri-lo custo da edici3n que se xustificará diante da Intervenci3n de Fondos. Así mesmo, aplicaráselle a tarifa que resulte de cubrir o custe coa xustificaci3n antedita, no suposto de expedici3n de documentaci3n en soporte informático.	
a. Documentos en soporte dixital ata 100MB	20,30 €
b. Documentos en soporte dixital de mais de 100MB	40,60 €

DISPOSICI3NS FINAIS

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicaci3n no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2.011. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificaci3n ou derogaci3n expresa.

2º) Someter a exposici3n pública por prazo de 30 días hábiles, con inserci3n de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamaci3ns.

3º) Para o caso de non presentarse reclamaci3ns entenderase adoptado o acordo de aprobaci3n definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificaci3n no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Direcci3n de Ingresos para a redacci3n do correspondente texto refundido.”

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

14(1.418).- MODIFICACI3N ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS RELATIVAS Ó SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS

EN AUTOMÓBILES E LIXEIROS DE ALUGUER CON CONDUTOR (AUTOTAXIS E VEHÍCULOS ESPECIAIS OU DE ABONO). (11)

Examinadas as actuacións do expediente, visto a proposta de ditame do vogal do Tribunal Económico, do 17.08.2010, o informe do interventor xeral accdtal., do 20.08.2010, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 28.07.10, que di o seguinte:

“Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas relativas ó servizo de transporte urbano de viaxeiros en automóbiles e lixeiros de aluguer con condutor (autotaxis e vehículos especiais ou de abono), que figura no presente expediente.

Actualízanse as tarifas vixentes nun 1,5% (variación do IPC entre abril de 2009 e abril de 2010).

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS RELATIVAS Ó SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES E LIXEIROS DE ALUGUER CON CONDUTOR (AUTOTAXIS E VEHÍCULOS ESPECIAIS OU DE ABONO)” (11).

ARTIGO 4.- COTAS

3. Revisión de vehículo	29,50 €
4. Por dereitos de exame para a obtención do permiso municipal de conducir, por cada exame.	8,45 €
5. Por expedición e renovación de permiso municipal de conducir.	16,85 €
6. Por expedición de duplicados de permisos, licencias, tarifas, etc., por cada un	4,20 €

DISPOSICIÓN FINAIS

2. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2011 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

15(1.419).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVIZOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS E TRANSPORTES. (12)

Examinadas as actuacións do expediente, visto a proposta de ditame do vogal do Tribunal Económico, do 17.08.2010, o informe do interventor xeral accdta., do 20.08.2010, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 28.07.10, que di o seguinte:

“Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos especiais por espectáculos e transportes, que figura no presente expediente.

Actualízanse as tarifas vixentes nun 1,5% (variación do IPC entre abril de 2009 e abril de 2010).

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS E TRANSPORTES” (12).

ARTIGO 5.- COTA

1. Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe a), b) e d) do apartado 1 do artigo 1:

	€/hora ou fracción
Por cada persoa afecta ó servizo:	11,70 €
Por cada vehículo afecto ó servizo:	22,75 €

2. Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe c) do apartado 1 do artigo 1:

Por cada vehículo e ano ou fracción:	21,10 €
--------------------------------------	---------

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2011, permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

16(1.420).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUÍNAS DE CONSTRUCIÓNS, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS. (13)

Examinadas as actuacións do expediente, visto a proposta de ditame do vogal do Tribunal Económico, do 17.08.2010, o informe do Interventor Xeral Acctdal., do 20.08.2010, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 28.07.10, que di o seguinte:

“Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas de construcións, salvamentos e outros análogos, que figura no presente expediente.

Actualízanse as tarifas vixentes nun 1,5 % (variación do IPC entre abril de 2009 e abril de 2010).

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUINAS DE CONSTRUCIÓNS, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS” (13).

ARTIGO 7.- TARIFAS

2. Ós servizos realizados fóra do termo municipal, aplicarase unha tarifa de 0,60 €/km e vehículo máis a tarifa que corresponda das seguintes:

2.1 De duración inferior a media hora: 86,85 €

2.2 De duración superior a media hora e inferior a dúas: 217,40 €

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2011, permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

17(1.421).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. (14)

Examinadas as actuacións do expediente, visto a proposta de ditame do vogal do Tribunal Económico, do 17.08.2010, o informe do interventor xeral accdtal., do 20.08.2010, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 28.07.10, que di o seguinte:

“Segundo instrucións da Sr. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora dos Dereitos ou Taxas pola prestación dos Servizos dos Cemiterios Municipais, que obra no presente expediente.

A presente modificación consiste en actualizar as tarifas vixentes nun 1,5% (variación do I.P.C. entre Abril 2009 e Abril 2010).

Igualmente, actualízanse os mínimos exentos tanto por ingresos brutos anuais per cápita (1,5%) como por valor catastral (1%) que serven para aplicación dos beneficios fiscais regulados no artigo 4.

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte

proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS” (14).

ARTIGO 4.- BENEFICIOS FISCAIS

c) Estarán exentos de taxas correspondentes a expedición de licencias de inhumación ou enterramento, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.540 €. A titularidade de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

d) Estarán exentos do pagamento das taxas correspondentes á expedición de licencias de inhumacións ou enterramentos as familias que teñan a condición de familias numerosas, con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude inferiores a 5.530 €

ARTIGO 5.- COTAS

A. Concesións temporais

A.1. Por período de 6 anos ou fracción

A.1.1. de cinceiros sinxelos	127,05 €
de cinceiros dobres	229,85 €
A.1.2. de criptas	127,05 €
A.1.3. de nichos	371,95 €
A.1.4 Párvulos	205,65 €

A.2. Por período de 50 anos

A.2.1. de nichos	2.076,10 €
A.2.2. de cinceiros	362,15 €
A.2.3. de parcelas exclusivamente (m2 ou fracción)	362,15 €

B. Renovación por catro anos das concesións recollidas no apartado A.1.

B.1. de cinceiros sinxelos	82,75 €
de cinceiros dobres	156,60 €
B.2. de criptas	82,75 €
B.3. de nichos	249,35 €
B.4. de párvulos	205,65 €

C. Expedición de títulos de sepulturas e parcelas

C.1. de mausoleos, panteóns, parcelas, cinceiros, criptas e nichos, así como duplicados dos mesmos
19,55 €

D. EXPEDICIÓN DE LICENCIAS

D.1. Inhumacións.

Entenderase por inhumación o enterramento de cadáveres e toda clase de restos que impliquen a apertura ou peche de oco para enterramento, tanto nichos, cinceiros, panteóns, etc.

	Terra	Nichos e Cinceiros	Criptas, panteón e mausoleos
- Adultos e párvulos	35,25	60,45	133,80 €
- Fetos e restos anatómicos			15,40 €

D.2. Exhumación 45,70 €

As anteriores licencias comprenden amais da autorización administrativa propia desta ordenanza, a correspondente autorización para realizar obra menor.

E. Transmisións do dereito de concesión e uso ou aproveitamento, entre particulares

E.1. De terreos por cada 3 m2.

E.1.1. hereditarios 29,10 €

E.1.2. intervivos 518,65 €

E.2. Nichos e criptas por unidade

E.2.1. hereditarios 29,10 €

E.2.2. intervivos 156,60 €

E.3. de cinceiros

E.3.1. hereditarios 9,55 €

E.3.2. intervivos 38,95 €

E.4. De panteóns e mausoleos por unidade

E.4.1. hereditarios 205,65 €

E.4.2. intervivos 778,45 €

No caso de que notificadas as autorizacións para transmisión a que se refire este apartado E), a transmisión non fose efectiva, os interesados terán dereito a devolución do 90% das cotas ingresadas en concepto das citadas autorizacións.

F. Taxa de mantemento e limpeza

F.1. Donos e concesionarios de panteóns, capelas, mausoleos e criptas, por unidade e ano
33,00 €

F.2. Donos e concesionarios de nichos por un ano,

unha ou dúas bocas de nichos 8,70 €

3 ou 4 bocas 16,30 €

F.3. *Sepultura en terra por unidade e ano* 2,60 €

O devengo desta taxa aludida no apartado F) prodúcese o 1 de xaneiro do ano en curso.

ARTIGO 7.- INGRESO

1ª liquidación

No momento da notificación do acordo de adxudicación. 520,35 €

2ª liquidación

Unha vez aprobadas certificacións de obras por importe equivalente ó 50% do total do proxecto. 772,00 €

3ª liquidación

A recepción provisional da obra e outorgamento do título de concesión 783,70 €

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do 2011 e permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

Examinadas as actuacións do expediente, visto a proposta de ditame do vogal do Tribunal Económico, do 17.08.2010, o informe do interventor xeral accdtal., do 20.08.2010, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 28.07.10, que di o seguinte:

“Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos, que figura no presente expediente.

Actualízanse as tarifas vixentes nun 1,5 % (variación do IPC entre abril de 2009 e abril de 2010).

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS” (15).

ARTIGO 5.- COTA

A) Pola inmovilización dun vehículo na vía pública ou en calquera outro lugar, realizado pola Policía Local ou ordenado pola Autoridade competente segundo o disposto, e nos casos que se establezan na Lei de Seguridade Vial e Regulamentos que a desenvolven e demais disposicións en vigor en materia de tráfico.

- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):

Inmovilización Incremento diario por depósito e custodia
66,00 € 5,15 €

- Turismos e similares, cuadríciclos, tricíclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados)

Inmovilización Incremento diario por depósito e custodia
126,00 € 9,60 €

- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares

Inmovilización Incremento diario por depósito e custodia
194,00 € 19,60 €

B) Pola retirada, transporte e custodia nos restantes casos

- *Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):*

<i>Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas</i>	<i>Incremento diario por depósito e custodia</i>
66,00 €	5,15 €

- *Turismos e similares, cuadríciclos, tricíclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados)*

<i>Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas</i>	<i>Incremento diario por depósito e custodia</i>
126,00 €	9,60 €

- *Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares*

<i>Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas</i>	<i>Incremento diario por depósito e custodia</i>
194,00 €	19,60 €

- *Contenedores*

<i>Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas</i>	<i>Incremento diario por depósito e custodia</i>
224,00 €	19,60 €

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2011, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

19(1.423).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO. (16)

Examinadas as actuacións do expediente, visto a proposta de ditame do vogal do Tribunal Económico, do 17.08.2010, o informe do Interventor Xeral Accdtal., do 20.08.2010, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 28.07.10, que di o seguinte:

“Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola recollida do lixo, que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en actualizar as tarifas vixentes nun 1,5% (variación do I.P.C. entre Abril 2009 e Abril 2010).

Igualmente, actualízanse os mínimos exentos tanto por ingresos brutos anuais per cápita (1,5%) como por valor catastral (1%: segundo el LPXE) que serven para aplicación dos beneficios fiscais regulados no artigo 4.

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO”. (16)

ARTIGO 4 BENEFICIOS FISCAIS.

1. Estarán exentos de pagamento da taxa de lixo vivendas, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.540 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

4. Estarán exentos de taxa de lixo-vivendas os suxeitos pasivos –pai, nai o titor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constituía a residencia habitual da familia e sempre e cando cumpran a seguinte condición:

- Contar con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio anterior ó da solicitude inferiores a 5.530 €

ARTIGO 5 COTA

2. A estrutura tarifaria é a seguinte:

A). VIVENDAS.

CÓDIGO CONCEPTO	EUROS
139 Cota anual	80,50

B). ESTABLECEMENTOS

CÓDIGO CONCEPTO	EUROS
1 Accesorios e vehículos, venda.	414,35
2 Alfombras e papeis pintados, Venda,	207,50
43 Almacéns frigoríficos e outros.	2.141,65
5 Artigos de pel, peleterías.	245,35
6 Artigos de viaxe.	264,05
7 Axencias de viaxe.	207,50
8 Bancos.	1.194,80
9 Bares e cafés de categoría especial.	432,45
91 Outros cafés e bares.	246,35
124 Bibliotecas, museos. salas de arte.	158,80
11 Bingos e outros xogos de azar	1.082,15
12 Bixuterías.	167,95
14 Bombonerías.	207,50
15 Cadros e molduras, lámparas.	247,25
16 Cafeterías.	724,00
17 Carnicerías	383,70
19 Cines.	542,80
20 Clubs, peñas e asociacións culturais.	158,80
21 Colexios e academias de ensino, por planta.	158,80
22 Ídem. Ídem. con internado, por planta.	167,95
23 Colexios profesionais.	233,60
24 Comestibles (epígrafes. 647.1 e 647.2).	308,85
10 Comercio menor toda clase artigos, por planta.	432,45
140 Comercio menor toda clase de artigos de superficie inferior a 75 m2.	382,95
25 Confiterías, pastelerías, panaderías e bolerías con obrador.	338,05
73 Confiterías, pastelerías, panaderías e bolerías sen obrador.	158,80
26 Consultorios.	207,50
125 Clínicas de día sen hospitalización.	415,20
27 Corte e confección, modistas e xastrerías.	246,35

28	<i>Cristalerías.</i>	233,60
29	<i>Churrerías.</i>	158,80
30	<i>e almacéns pechados ó público.</i>	246,35
31	<i>Discos e cintas de vídeo, venda e alugueiro.</i>	347,00
32	<i>Discotecas.</i>	1.021,45
33	<i>Droguerías.</i>	338,05
34	<i>Efectos navais.</i>	415,20
35	<i>Estacións de servizo.</i>	622,25
36	<i>Estancos.</i>	158,80
37	<i>Estudios fotográficos.</i>	167,95
38	<i>Farmacias e laboratorios.</i>	246,35
39	<i>Ferrancharías, chatarrerías.</i>	338,05
40	<i>Ferreterías.</i>	415,20
41	<i>Florerías e paxarerías.</i>	207,50
42	<i>Fotografía, venda de material.</i>	333,90
44	<i>Froiterías, herboristerías.</i>	207,50
45	<i>Garaxes privados, ata 3 prazas</i>	80,50
46	<i>Ídem. de 4 a 25 prazas.</i>	140,65
47	<i>Ídem. de máis de 25 prazas.</i>	182,95
48	<i>Garaxes públicos</i>	309,60
49	<i>Garaxes públicos con lavado.</i>	415,20
50	<i>Gasolineiras, por cada surtidor.</i>	85,20
126	<i>Granxas de animais.</i>	383,70
143	<i>Hoteis de cinco estrelas</i>	2.208,10
51	<i>Hoteis e moteis de catro estrelas.</i>	1.731,60
52	<i>Hoteis e moteis de tres estrelas.</i>	1.298,05
53	<i>Hoteis e moteis de dúas e unha estrela.</i>	1.039,95
54	<i>Hoteis-apartamentos e aloxamentos Turísticos extra hoteleiros e cámpings.</i>	824,35
55	<i>Imprentas e litografías.</i>	415,20
56	<i>Instrumentos musicais.</i>	246,35
58	<i>Librerías.</i>	333,90
59	<i>Loterías, administracións de.</i>	158,80
60	<i>Maquinaria diversa, venda e exposición</i>	415,20
61	<i>Material eléctrico e electrodoméstico, ordenadores.</i>	333,90
62	<i>Material de construción.</i>	415,20
63	<i>Mobiliario de oficina, venda e exposición.</i>	494,05
64	<i>Mercerías.</i>	158,80
65	<i>Mobles, exposición.</i>	415,20
141	<i>Mobles, venda en establecementos de superficie ata 150 m2.</i>	494,05
66	<i>Mobles, venda en establecementos de superficie superior a 150 m2 .</i>	824,35
67	<i>Mobles de cociña e baño, venda e exposición.</i>	415,20
68	<i>Obxectos de agasallo,decoración e antigüidades.</i>	333,90
69	<i>Obxectos de deporte.</i>	246,35
70	<i>Oficinas e despachos, por unidade.</i>	202,90
71	<i>Ópticas.</i>	158,80

72	Ortopedias.	415,20
74	Papelerías, fotocopias.	246,35
76	Perruquerías e salóns de beleza.	308,85
127	Perruquerías e salóns de beleza de superficie inferior a 50 m2 e/ou na propia vivenda.	207,50
77	Pensións, hospedaría e hostais.	415,20
128	Ídem sen comida, por habitación.	47,75
78	Perfumerías.	246,35
79	Pescaderías.	246,35
129	Polideportivos, campos de fútbol e similares.	542,80
80	Praterías e xoierías.	363,45
130	Preescolares e garderías infantís.	207,50
81	Quioscos.	158,80
131	Rastrillos e similares.	246,35
82	Reloxerías.	246,35
83	Residencias non clasificadas por turismo, por plta.	158,80
84	Restaurantes de 4 e 5 cubertos.	852,20
85	Restaurantes de 2 e 3 cubertos.	755,90
86	Restaurantes de 1 cuberto.	542,80
132	Sanatorios de máis de 30 camas.	2.769,45
133	Sanatorios de ata 30 camas.	1.661,10
105	Servizos de reprodución gráfica.	348,85
89	Sociedades de lecer e casinos.	971,85
90	Supermercados (epígrafes 647.3 e 647.4).	1.298,05
93	Tecidos e confeccións por planta.	369,85
94	Tinturerías e lavanderías.	246,35
95	Transportes públicos e privados.	622,25
96	Venda de localidades.	85,20
134	Veterinarios e perruquerías caninas.	309,75
98	Xeladerías e chocolaterías.	339,80
99	Ximnasia, saunas e similares.	415,20
100	Xogos de lecer.	622,25
101	Xogueterías.	333,90
103	Zapaterías.	282,25
104	Zapaterías, reparación.	158,80

C). FÁBRICAS E TALLERES INDUSTRIAIS CON RESIDUOS INFERIORES A 1000 LITROS/DIA

CÓDIGO	CONCEPTO	EUROS
135	De 1 obreiro.	246,35
108	De 2 a 5 obreiros.	304,25
109	De 6 a 10 obreiros.	415,20
110	De 11 a 25 obreiros.	622,25
111	De 26 a 75 obreiros.	1.248,25
112	De 76 a 125 obreiros.	1.663,00
113	De 126 a 250 obreiros.	2.075,05
114	De máis de 250 obreiros	2.769,45

D) ACTIVIDADES DE ALIMENTACIÓN E RESTAURACIÓN DE FACTURACIÓN SUPERIOR A 1 MILLÓN DE EUROS (calculada de conformidade co disposto no artigo 82.1 c) do RDL 2/2004).

CODIGO CONCEPTO	EUROS
144 <i>Actividades de alimentación e restauración de facturación superior a 1 millón de euros.</i>	
- <i>Por cada local ou establecemento</i>	2.208,10

E). ACTIVIDADES CON VOLUME DE RESIDUOS DENDE 1000 LITROS/DIA

CODIGO CONCEPTO	EUROS
- Con colectores de 1000 litros:	
138 <i>Un colector</i>	2.208,10
149 <i>Dos colectores</i>	5.314,75
150 <i>De tres colectores en adiante: Sumarase á tarifa 149: por cada colector</i>	3.753,35
- Con colectores de 2400 litros:	
148 <i>Cada colector</i>	6.206,15

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. *Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2.011 e permanecerá en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.*

2º) *Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.*

3º) *Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:*

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

20(1.424).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE RETIRADA, TRANSPORTE E CUSTODIA DE INSTALACIÓNS, ELEMENTOS E XÉNEROS RELATIVO AO EXERCICIO DE CALQUERA ACTIVIDADE OU COMERCIO NA VÍA PÚBLICA

SEN LICENZA MUNICIPAL E OUTROS PRESTADOS POR CAUSAS EXCEPCIONAIS. (17)

Examinadas as actuacións do expediente, visto a proposta de ditame do vogal do Tribunal Económico, do 17.08.2010, o informe do interventor xeral accdta., do 20.08.2010, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 28.07.10, que di o seguinte:

“Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación dos servizos de retirada, transporte e custodia de instalacións, elementos e xéneros relativo ao exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal e outros prestados por causas excepcionais, que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en adecuar as tarifas desta ordenanza as características efectivas deste servizo que presta a policía local igual que o regulado na ordenanza nº 12 “Taxas polos servizos especiais por espectáculos e transportes” utilizando parámetros mellor relacionados co custe do servizo: tempo de traballo, número de persoas e número de vehículos, afectos ao servizo.

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE RETIRADA, TRANSPORTE E CUSTODIA DE INSTALACIÓNS, ELEMENTOS E XÉNEROS RELATIVOS Ó EXERCICIO DE CALQUERA ACTIVIDADE OU COMERCIO NA VÍA PÚBLICA SEN LICENCIA MUNICIPAL E OUTROS PRESTADOS POR CAUSAS EXCEPCIONAIS”. (17)

ARTIGO 5.- COTA

1. Nas prestacións dos servizos sinalados no apartado a) do Artigo 1º. desta Ordenanza aplicaranse as seguintes cotas:

1.1 Por retirada e transporte

€/hora ou fracción

- Por cada persoa afectada ao servizo 11,70 €
- Por cada vehículo afecto aos servizo 22,75 €

1.2 Por custodia.

- Cada día completo ou fracción por cada bolsa 3,20€

2. Nas prestacións de servizos sinalados no apartado b) e c) do Artigo 1º. desta Ordenanza aplicaranse as seguintes cotas:

- 2.1 Por retirada e transporte €/hora ou fracción
- Por cada persoa afectada ao servizo 11,70 €
 - Por cada vehículo afecto ao servizo 22,75 €

2.2. Por custodia.

- Cada día completo ou fracción por cada metro cúbico 3,20 €

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de Xaneiro do 2011 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

21(1.425).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INSPECCIÓN SANITARIA E OS DE ANÁLISES QUÍMICAS, BACTERIOLÓXICAS E CALQUERA OUTRAS DA MESMA NATUREZA. (18)

Examinadas as actuacións do expediente, visto a proposta de ditame do vogal do Tribunal Económico, do 17.08.2010, o informe do interventor xeral accdta., do 20.08.2010, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 28.07.10, que di o seguinte:

“Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola

prestación de Servizos de Inspección Sanitaria e os de análises químicas, bacteriolóxicas e calquera outras da mesma natureza., que obra no presente expediente.

A presente modificación consiste en actualizar as tarifas vixentes nun 1,5% (variación do I.P.C. entre Abril 2009 e Abril 2010).

Igualmente, actualizase os mínimos exentos tanto por ingresos brutos anuais per cápita (1,5%) como por valor catastral (1%) que sirven para aplicación dos beneficios fiscais regulados no artigo 3.

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INSPECCIÓN SANITARIA E OS DE ANÁLISES QUÍMICAS, BACTERIOLÓXICAS E CALQUERA OUTRAS DA MESMA NATUREZA” (18).

ARTIGO 3.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

1) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.540 €. A titularidade de Bens Inmóbles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

2) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza os integrantes de familias numerosas, que contén con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude inferiores a 5.530 €.

ARTIGO 4.- COTAS

I) HIDROLOXÍA

Euros

1. Probas presuntivas de potabilidade, incluíndo PH, conductividade, turbiedade nitritos, nitratos, amoníaco, coliformes, coliformes fecais.	24,55 €
2. Probas presuntivas de potabilidade naquelas áreas da vila nas que non se cumpra o servizo mínimo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable e saneamento (rede de sumidoiros), incluíndo: investigación de nitritos, amoníacos, determinación de nitratos, investigación de coliformes, e no seu caso, de coliformes fecais.	1,70 €
3. Análise de potabilidade microbiolóxica incluíndo: aerobios mesófilos, coliformes, coliformes fecais, estreptococos fecais.	22,75 €
4. Reconto de bacterias aerobias.	7,65 €
5. Investigacións de xermes coliformes.	7,65 €
6. Investigación de estreptococos	7,65 €
7. Investigación de colibacilo fecal.	7,65 €
8. Cor.	4,05 €
9. Turbiedade (escala sílice).	4,05 €
10. PH.	4,05 €
11. Conductividade.	4,05 €
12. Determinacións cuantitativas individuais de elementos e ións.	5,80 €
13. Determinación cuantitativa de metais por espectrofotometría de absorción atómica.	34,50 €
14. Determinacións que precisen a utilización do cromatógrafo de gases ou líquidos.	34,50 €
15. Demanda química de osíxeno (método do dicromato).	20,30
16. Demanda bioquímica de osíxeno.	20,30
17. Augas residuais industriais, incluíndo: PH, sólidos en suspensión, conductividade, DBO5, DQO, nitritos, amoníaco, nitróxeno total, fósforo total, graxas e aceites, mercurio, cadmio, chumbo, cromo, níquel, cinc.	243,80 €
18. Graxas e aceites.	12,85 €
19. Nitróxeno total.	12,85 €
20. Fósforo total.	12,85 €
21. Sólidos en suspensión.	8,60 €

22. Deterxentes. 8,95 €

23. Comprobación de aparatos esterilizadores, descalcificadores, desionizadores, etc.s/determ.

II) POLUCIÓN DO AIRE	Euros
1. Determinación do CO	182,65 €
2. Determinación de CO	21,60 €
3. Determinación de SO2	9,10 €
4. Determinación de NH3	9,10 €
5. Determinación de SH2	15,00 €
6. Determinación de partículas sólidas	21,60 €
7. Determinación da contaminación bacteriana do aire	21,60 €
8. Comprobacións biolóxicas especiais	s/determ.

III) BROMATOLOXICAS-QUIMICAS Euros

1. Determinacións cuantitativas de elementos correntes por separado.	6,55 €
2. Determinacións cuantitativas de elementos ou substancias especiais por separado.s/dificultade	
3. Humidade, cinzas, e graxa de alimentos.	16,35 €
4. Leite, determinacións de calidade, incluíndo: graxa, acedume, extracto seco e cinzas.	23,05 €
5. Graxas e aceites comestibles, incluíndo: acidume, humidade, índice de yodo e residuo insoluble en éter.	24,25 €
6. Sal, incluíndo: humidade, residuo insoluble en auga, nitratos, nitritos, calcio e magnesio.	34,50 €
7. Vinagre, incluíndo: acidume volátil, extracto seco, cinzas, sulfatos e investigación de ácidos inorgánicos.	27,65 €
8. Carne, peixes, embutidos, incluíndo: humidade, investigación de nitratos, nitritos, fosfatos e cinzas.	27,65 €
9. Azucres, melazas e substancias semellantes, incluíndo: humidade, cinzas e concentración de azucres.	19,25 €
10. Viños e cervexas, incluíndo: grado de alcohol, acedume total, acedume volátil, sulfatos e materia colorante artificial.	27,65 €
11. Determinación illada de grao alcohólico.	6,55 €
12. Determinación illada de acedume volátil.	6,55 €
13. Investigación illada de metais pesados, por espectro-fotometría e absorción atómica, previa incineración dun alimento.	43,00 €

IV) BROMATOLOXICA-BACTERIOLOXICAS	Euros
1. Reconto de bacterias aerobias en bebedizos.	7,65 €
2. NMP de xermes coliformes en bebedizos e alimentos	11,95 €
3. Reconto de estafilococos coagulasa-positivos.	13,75 €
4. Investigación de salmonelas en alimentos.	25,75 €
5. Investigación de colibacilo fecal.	13,75 €
6. Análise bacteriolóxica de leite, incluíndo: reconto de aerobios entereobacteriaceas, xermes patóxenos e proba da fosfatasa.	31,80 €
7. Análise bacteriolóxica de moluscos, incluíndo: reconto de aerobios, investigación de salmonelas, colifecal, estreptococos, vibrio parahemolítico.	64,55 €
8. Análise bacteriolóxica de xeados, natas e produtos de confeitaría, comprendendo: reconto de bacterias aerobias, coliformes fecais enterobacterias, estafilococos, coagulasa-positivos e investigación de salmonelas.	45,75 €
9. Análises bacteriolóxicas varias.	s/dificul. e custo

V) ANÁLISES DOUTRAS SUBSTANCIAS OU PRODUCTOS DENDE O PUNTO DE VISTA HIXIENICO-SANITARIO

5. Cando para verificar algunha determinación analítica, o persoal do Laboratorio Municipal, por prescrición do seu director se desprace para recoller mostras as taxas incrementaranse 21,50 € as fixadas en cada sección e nº da tarifa.

VI) Tramitación de autorización de vertidos non domésticos de augas residuais: 220,80 €

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª.- Esta Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do 2011, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

22(1.426).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SANIDADE PREVENTIVA, DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN E DESTRUCCIÓN DE CALQUERA CLASE DE MATERIAS E PRODUTOS CONTAMINANTES OU PROPAGADORES DE XERMES NOCIVOS PARA A SAÚDE PÚBLICA PRESTADOS A DOMICILIO OU POR ENCARGO. (19)

Examinadas as actuacións do expediente, visto a proposta de ditame do vogal do Tribunal Económico, do 17.08.2010, o informe do interventor xeral accdtal., do 20.08.2010, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 28.07.10, que di o seguinte:

“Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola prestación dos Servizos de Sanidade preventiva, desinfección, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo, que obra no presente expediente.

A presente modificación consiste en actualizar as tarifas vixentes nun 1,5% (variación do I.P.C. entre Abril 2009 e Abril 2010).

Igualmente, actualízanse os mínimos exentos tanto por ingresos brutos anuais per cápita (1,5%) como por valor catastral (1%) que serven para aplicación dos beneficios fiscais regulados no artigo 3.

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Rexime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SANIDADE PREVENTIVA, DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN E DESTRUCCIÓN DE CALQUERA CLASE DE MATERIAS E PRODUCTOS CONTAMINANTES OU PROPAGADORES DE XERMES NOCIVOS PARA A SAÚDE PÚBLICA PRESTADOS A DOMICILIO OU POR ENCARGO” (19).

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

a) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.540 €. A titularidade de Bens Inmobbles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49,305 €.

b) Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza as familias que teñan a condición de familias numerosas, con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude inferiores a 5.530 €

ARTIGO 4.- COTAS

As tarifas destas taxas serán as seguintes:

1. DESINSECTACION

1.1. Tratamentos con insecticida por cada 25 m.	4,20 €
1.2. Por hora ou fracción de tempo empregado.	10,10 €
1.3. Desprazamento.	9,25 €

2. DESRATIZACIÓN

2.1. Por raticida colocado por cada 50 m2.	6,00 €
2.2. Por hora ou fracción de tempo empregado.	10,10 €
2.3. Desprazamento.	9,25 €

3. DESINFECCIÓN

3.1. Por desinfectante por cada 25 m2.	4,20 €
3.2. Por hora ou fracción de tempo empregado.	10,10 €
3.3. Desprazamento.	9,25 €

4. VEHÍCULOS

4.1. Por desinfección autotaxi.	9,25 €
4.2. Ídem. autobuses transporte urbano.	18,50 €
4.3. Ídem. camión, autobús ou transporte de mobles.	26,90 €

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2011 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

23(1.427).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE LIMPEZA DE POZOS NEGROS, FOSAS SÉPTICAS, SOLARES, E SERVIZOS SIMILARES ASÍ COMO A RECEPCIÓN DE RESIDUOS NA PLANTA DE TRANSFERENCIA. (20)

Examinadas as actuacións do expediente, visto a proposta de ditame do vogal do Tribunal Económico, do 17.08.2010, o informe do interventor xeral acdtdal., do 20.08.2010, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 28.07.10, que di o seguinte:

“Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola prestación de Servizos de Limpeza de pozos negros, fosas sépticas, solares e servizos similares así como a recepción de residuos na planta de transferencia.

A presente modificación consiste en actualizar as tarifas vixentes nun 1,5% (variación do I.P.C. entre Abril 2009 e Abril 2010). así como adecualas, no caso de limpeza de pozos negros, ao tempo mínimo de prestación.

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE LIMPEZA DE POZOS NEGROS, FOSAS SÉPTICAS, SOLARES E SERVIZOS SIMILARES ASÍ COMO A RECEPCIÓN DE RESIDUOS NA PLANTA DE TRANSFERENCIA”.
(20)

ARTIGO 4.- COTAS

As tarifas serán as seguintes:

1. Vertidos: Por cada 100 Kgs. ou fracción. 4,30 €
2. Limpeza de solares, locais e rúas particulares.
Pola primeira hora ou fracción. 65,50 €
Por cada media hora ou fracción adicional. 32,05 €
3. Limpeza de acometidas, canos e desaugadoiros.
Por cada media hora ou fracción. 32,05 €
4. Limpeza de pozos negros e fosas sépticas.
Polos primeiros 90 minutos ou fracción. 98,00 €
Por cada media hora ou fracción adicional. 32,05 €

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de Xaneiro do 2011 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

24(1.428).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PRESTADO POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL. (21)

Examinadas as actuacións do expediente, visto a proposta de ditame do vogal do Tribunal Económico, do 17.08.2010, o informe do interventor xeral accdtal., do 20.08.2010, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 28.07.10, que di o seguinte:

“Segundo instrución da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar (en diante SAF) no Concello de Vigo.

A presente modificación consiste na adaptación desta norma fiscal do Concello as normativas estatal e autonómica (Real Decreto Lei 6/2010 que modifica o tipo de IVE aplicable aos servizos de dependencia que pasan ao tipo do 4% e Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de Axuda no fogar): Actualízanse os tramos de ingresos ao último IPREM e redúcense as tarifas un 1,31%.

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE VIGO.

ARTIGO 4. COTAS

Tomando como referencia do custe do servizo o importe de 13,145 €/hora, a contía a pagar polas persoas usuarias virá determinada pola súa capacidade económica segundo se establece nos apartados seguintes do presente artigo.

2. Os criterios de participación no financiamento do custo do SAF por parte dos suxeitos pasivos serán os seguintes:

a)

c. económica p.usuaria		tarifa/hora	
0	a	532,51€	cero€
532,52€	a	798,76€	1,314€
798,77€	a	1.331,27€	1,971€
1.331,28€	a	1.597,53€	2,629€
1.597,54€	a	1.863,78€	4,600€
1.863,79€	a	2.130,04€	5,915€
2.130,05€	a	2.396,29€	7,229€
máis de		2.396,29€	8,544€

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª. Esta Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de Xaneiro de 2011 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

k) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

l) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

25(1.429).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL. (30)

Examinadas as actuacións do expediente, visto a proposta de ditame do vogal do Tribunal Económico, do 17.08.2010, o informe do interventor xeral accdtal., do 20.08.2010, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 28.07.10, que di o seguinte:

“Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local, que figura no presente expediente.

Actualízanse as tarifas vixentes un 1,5 % (variación do IPC entre abril de 2009 e abril de 2010). No epígrafe E) Mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, incorporase a posibilidade de facer o pagamento por “cada mes adicional”.

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.1 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL” (30).

ARTIGO 4.- COTAS

4. Tarifas.

Epígrafe A) Calicatas e zanzas e calquera remoción do pavimento e beirarrúas, previstos no apartado a) do artigo 1 desta ordenanza:

Por m2 ou fracción, e cada quince días ou fracción:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
18,65	13,00	9,10	6,55	6,55	3,50 €

Epígrafe B) Valados, puntais, andamios e outras instalacións análogas.

Por m2 ou fracción, e día ou fracción.

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
0,80	0,80	0,65	0,65	0,60	0,55 €

Para os casos en que o valado protexa a instalación de grúa na vía pública, aplicarase á superficie ocupada pola base daquela as tarifas anteriores recargadas nun 100%.

Epígrafe C) Colectores e sacos para recollida ou depósito de entullos, materiais de construción ou residuos, silos para elaboración de materiais e similares.

Por m2 ou fracción e día ou fracción:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
1,25	1,05	0,95	0,80	0,80	0,50 €

Epígrafe D) Operacións excepcionais de carga e descarga

D.1. Entullos, areas, materiais de construción, camións bombeadores de formigón, e similares.

Por m2 ou fracción e hora ou fracción:

